

A Nosa **Coruña**: Unha **Cidade Modelo**.

A Coruña
con ideas claras



#UnCambioEnSerio



Índice

A Nosa Coruña: Unha Cidade Modelo	páx. 5
Un novo modelo de mobilidade.....	páx. 5
Unha cidade incardinada na súa comarca: A Coruña real non remata na Ponte da Pasaxe	páx. 7
Transporte metropolitano	páx. 8
Ría do Burgo	páx. 8
Unha comarca ben comunicada:	
Aeroporto.....	páx. 3
Porto	páx. 10
Ferrocarril.....	páx. 10
Recuperar o porto para a cidade.....	páx. 10
En Defensa do Común.....	páx. 12
A Coruña: unha cidade universitaria	páx. 13
Un urbanismo á medida das persoas	páx. 14
Garantir o dereito a unha vivenda digna	páx. 15
Rehabilitación e accesibilidade.....	páx. 16
Loita contra os desafuzamentos	páx. 17
Unha Coruña para vivirmos e traballarmos, cunhas políticas públicas orientadas á xeración de emprego	páx. 18
Eixos principais da política económica.....	páx. 18
Emprego	páx. 19
Fomento do tecido produtivo local	páx. 20
Polígonos Industriais.....	páx. 22
Comercio e hostalaría.....	páx. 23
Mercados Municipais	páx. 24
Turismo na cidade modelo: selo de calidade.....	páx. 25
Mar	páx. 26
Impostos municipais	páx. 27
Participación cidadá	páx. 28



Administración, servizos públicos, empresas públicas, concesións e empresas que traballan para a administración municipal.....	páx. 30
Contratación pública.....	páx. 32
A cultura que fai cidade e a cidade que fai cultura.....	páx. 33
Lectura e bibliotecas.....	páx. 33
Museos e Cultura Científica	páx. 34
A memoria da cidade	páx. 34
Artes plásticas e visuais.....	páx. 35
Artes escénicas e musicais	páx. 36
Creación artística	páx. 37
Participación cultural.....	páx. 37
Patrimonio.....	páx. 38
Lingua galega.....	páx. 39
Memoria democrática	páx. 41
Benestar Social	páx. 44
Ética e Benestar social	páx. 44
Servizos Sociais Comunitarios	páx. 44
Loita contra a pobreza e a exclusión.....	páx. 45
Migración.....	páx. 47
Asentamentos precarios.....	páx. 47
Diversidade funcional	páx. 48
Dependencia e poboación maior.....	páx. 49
Prevenção das adicións.....	páx. 50
Infancia	páx. 51
Doenzas pouco frecuentes	páx. 52
Sanidade.....	páx. 53
Cooperación e solidariedade	páx. 54
Voluntariado.....	páx. 55
Mocidade con poder de decidir	páx. 56
Educación.....	páx. 58



Medio e Ecoloxía	páx. 60
Auga	páx. 60
Reducir, reutilizar e reciclar	páx. 60
Loita contra a contaminación	páx. 61
Espazo urbano verde	páx. 62.
Consumo consciente e responsábel	páx. 62
Atención aos animais	páx. 63
Actividade física e Deporte	páx. 65
Na institución.....	páx. 65
Como promoción desde o Concello	páx. 66
Infraestruturas.....	páx. 67
Igualdade	páx.68
Actuacións transversais.....	páx. 69
Violencia de xénero.....	páx. 69
Acceso ao emprego e representación.....	páx. 70
Corresponsabilidade e conciliación	páx. 71
Mocidade	páx. 71
LGTBQI	páx. 71
Convivencia: respecto e prevención	páx. 72
Protección civil	páx. 73
Anexo: barrios	
Cidade modelo, barrios modelo	páx. 74



A Nosa **Coruña**: Unha **Cidade Modelo**

Nas vindeiras municipais, a escolla non pode ser retornarmos ao modelo do pasado ou seguirmos cun modelo insubstancial. A escolla ten que ser facermos da Coruña unha cidade modelo. Un modelo de calidade urbana, de democratización do espazo público.

Un espazo público democrático é un espazo público accesíbel a todas e todos por igual, independentemente da nosa idade ou condición funcional; un espazo á medida das persoas, que non estea invadido polos coches, que mude as prioridades na ocupación do espazo público: primeiro os peóns, segundo o transporte público. En Galiza hai exemplos de como facelo: hoxe Pontevedra é unha referencia mundial.

Esta cidade modelo esixe un cambio de modelo no transporte, para incentivar alternativas o uso ao coche ou evitar que o recurso ao vehículo privado invada e colapse a nosa cidade. Este cambio de modelo de transporte non se pode facer só a escala local. Unha cidade modelo require dunha comarca ben vertebrada, porque A Coruña é unha realidade metropolitana que se estende alén dos límites do municipio. Por iso, cómpre avanzarmos cara a un sistema de transporte integrado no conxunto da comarca e impulsarmos a concertación de políticas a escala metropolitana.

Unha cidade modelo é unha cidade en que o acceso á vivenda sexa un dereito e non un privilexio. Unha cidade modelo é tamén unha cidade comprometida coa xeración de emprego e a cohesión social; unha cidade creativa, comprometida coa nosa lingua e cultura; abandeirada da loita pola igualdade e contra o machismo e, por suposto, unha cidade verde e azul, unha cidade que recupere a súa relación privilexiada co mar, que protexa o medio ambiente e que poña en valor os noso grande patrimonio natural.

Un modelo construído desde o mellor da tradición desta cidade. Unha cidade galega, berce da Academia Galega e das Irmandades da Fala. Un cidade de longa tradición nacionalista, republicana e progresista.



Un novo modelo de Mobilidade

1. Redeseño do plan de mobilidade.
2. Mobilidade peonil:
 - 2.1. Garantir a accesibilidade ás beirarrúas, ás rúas e aos edificios e equipamentos públicos, eliminando as barreiras que dificultan o acceso.
 - 2.2. Ampliación das beirarrúas para promover e facer posíbel a mobilidade peonil en todo o espazo público, independentemente da condición social, física, económica ou de calquera outro tipo das persoas.
 - 2.3. Creación de corredores peonís e extensión das áreas peonís.
 - 2.4. Actuacións urbanísticas de calidade, seguras e con usos plurais, en definitiva, centros de socialización e de convivencia.
 - 2.4.1. Mudanza nos tempos dos semáforos para que todas as persoas independentemente da súa condición poidan cruzar con seguridade.
 - 2.4.2. Elevación dos pasos de peóns -segundo as rúas- para rebaixar as velocidades dos coches e dar máis seguridade e accesibilidade aos peóns.
 - 2.4.3. Limitación no establecemento das terrazas na vía pública para garantir a mobilidade peonil e a accesibilidade.
 - 2.4.4. Instalación de medios mecánicos (elevadores) nas rúas onde o seu desnivel o fixer preciso.
3. Bicicleta e vehículos de mobilidade persoal (VMP):
 - 3.1. Ampliación do carril bici nas vías en que for posíbel e mellora do existente, nomeadamente no que atinxe á seguridade.
 - 3.2. Modernización da ordenanza de mobilidade da cidade para regular o espazo no que teñen que circular os VMP.
 - 3.3. Realización de campañas masivas de sensibilización sobre as normas de circulación das bicicletas e VMP.
4. Transporte urbano:
 - 4.1. Estudo da remunicipalización do servizo co obxectivo de constituír un



Consortio de Transporte Metropolitano.

- 4.2. Posta en marcha do carril bus.
- 4.3. Reordenación das liñas de transporte público para conectar os barrios entre si, cos hospitais e centros sanitarios, os centros de ensino da cidade, os centros de traballo e os polígonos industriais.
- 4.4. Modificación dos horarios para que o servizo ordinario comece máis cedo, contra as 6 da mañá, e remate ás 12 da noite.
- 4.5. Mantemento da gratuidade dos transbordos.
- 4.6. Modernización do sistema de pagamento no autobús:
 - 4.6.1. Implantación dunha aplicación de pagamento do autobús.
 - 4.6.2. Modernización da tarxeta Millennium.
5. Comunicación permanente co sector do taxi para garantir unha maior calidade no servizo, tanto no que ten a ver coa planificación, coa sinalización e coa capacidade das paradas de taxis, como na información sobre as obras e como lle afectan no desenvolvemento do seu traballo. Axilización e modernización dos trámites administrativos do colectivo do taxi co concello.
6. Extensión das zonas 30.
7. Implementación dun carril bus-VAO nos accesos á cidade.

Unha cidade incardinada na súa comarca: A Coruña real non remata na Ponte da Pasaxe

A Coruña real non remata nos límites do noso termo municipal. Milleiros de persoas residentes nos concellos da contorna acoden acotío á nosa cidade, e o mesmo ocorre á inversa. O porto exterior e importantes polígonos industriais están en Arteixo, o Aeroporto en Culleredo, o encoro que nos abastece de auga en Cambre e Abegondo... Para deseñarmos A Coruña do futuro é imprescindible articularmos esta realidade metropolitana.

Impulsaremos a constitución da Área Metropolitana da Coruña e concertarémola de políticas a escala comarcal.



1. En particular, promoveremos a prestación de servizos compartidos e a coordinación de políticas nos seguintes eidos:
 - 1.1. Recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.
 - 1.2. Xestión integral do ciclo da auga e elaboración dun plan da auga.
 - 1.3. Planificación integral do transporte a escala comarcal
 - 1.4. Planificación urbanística e ordenación do territorio, no que ten a ver con usos residenciais, industriais, de servizos e protección ambiental.
 - 1.5. Planificación e promoción turística. Planificación dos servizos sociais públicos.

Transporte metropolitano

O Concello da Coruña impulsará a creación dun Consorcio de Transporte Metropolitano cos seguintes obxectivos:

1. Mellorar as conexións entre A Coruña e os concellos veciños e destes entre si sen necesidade de pasar pola cidade central.
2. Implantar servizos ferroviarios de proximidade (modelo tren-tram). Con tal fin, demandarase a modernización da liña ferroviaria A Coruña- Betanzos-Ferrol, o aproveitamento do tendido ferroviario existente entre A Coruña e Arteixo e o aproveitamento do tendido ferroviario que discorre polo porto interior.
3. Posta en marcha de transporte público marítimo.
4. Dotación de aparcamentos disuasorios próximos ás paradas de bus metropolitano e aos portos e estacións para facilitar o uso do transporte público nos concellos da comarca.

Ría do Burgo

1. Esixir o desenvolvemento das accións necesarias para rematar coa grave situación de contaminación e degradación. O actual estado da ría provoca graves prexuízos para toda a comarca: impide o desenvolvemento da actividade



marisqueira xeradora de emprego e a rexeneración medioambiental é imprescindíbel para que a Ría do Burgo sexa un espazo de lecer e goce da natureza para todas as persoas que habitan na nosa comarca.

2. Mantemento da participación do Concello da Coruña na Mesa da Ría do Burgo.
3. Control constante do sistema de saneamento da cidade da Coruña para evitar verteduras á ría do Burgo.

Unha comarca ben comunicada

Aeroporto

1. Reclamar os investimentos necesarios para mellorar o aeroporto de Alvedro, nomeadamente os seguintes:
 - 1.1. Ampliación da terminal.
 - 1.2. Mellora dos sistemas de aproximación das aeronaves para reducir os desvíos e o impacto do tráfico aéreo na contorna.
 - 1.3. Mellora dos accesos acometendo a conexión directa coa AP-9.
2. Reclamar máis unha vez a transferencia da competencia sobre os aeroportos galegos a Galiza para xestionalos conxuntamente coas autoridades locais e outras entidades públicas co fin de artellar un sistema aeroportuario integrado galego, baseado na cooperación, colaboración e igualdade dos tres aeroportos galegos. Os obxectivos da transferencia de competencias son os seguintes:
 - 2.1. Planificar desde aquí as infraestruturas aeroportuarias.
 - 2.2. Proxectar, executar e controlar os investimentos nos nosos aeroportos.
 - 2.3. Organizar os servizos dos nosos aeroportos.
 - 2.4. Diseñar as conexións desde unha perspectiva integrada das tres terminais galegas coas principais cidades da Península, cos catro grandes sistemas aeroportuarios europeos e con aqueles países onde a diáspora galega ten forte presenza.
 - 2.5. Potenciar o tráfico de mercadorías.



2.6. Dotar dunha rede de conexións intermodais entre os tres aeroportos e as cidades galegas: en primeiro lugar, a través de servizos de lanzadeiras por estrada; a medio prazo, tamén por medio do ferrocarril e/ou do tren de proximidade.

Porto

1. Demandar ao Estado a realización das infraestruturas necesarias para a total operatividade do Porto de Punta Langosteira, nomeadamente da conexión ferroviaria e a conexión entre o porto interior e o porto exterior.
2. Reclamar a transferencia a Galiza dos portos de interese xeral co obxectivo de crear un sistema portuario integrado galego que reforce a capacidade de atracción de tráfico e a complementariedade entre os distintos portos.

Ferrocarril

1. Demandar que se impulse a transformación da Estación de San Cristovo nunha estación intermodal.
2. Impulso á implantación de servizos ferroviarios de proximidade, aproveitando a infraestrutura ferroviaria existente no porto interior.
3. Impulso á creación dun intercambiador en San Diego, que conecte servizos ferroviarios de proximidade, transporte marítimo e liñas de autobús.
4. Esixir a modernización das liñas ferroviarias A Coruña-Ferrol (incluíndo a realización dun bypass en Betanzos) e A Coruña- Lugo e a mellora dos servizos, reducindo tempos de viaxe e intensificando frecuencias.
5. Reclamar a transferencia a Galiza da rede ferroviaria e os servizos ferroviarios internos.

Recuperar o porto para a cidade

Nos terreos do porto temos a oportunidade de comezar a definir o futuro da cidade, son un elemento chave na cidade modelo á que aspira o BNG. Nos usos que se lles dean empezarán a dilucidarse catro grandes cuestións de futuro: a



movilidade, o modelo produtivo, os equipamentos públicos e o espazo verde libre que permita volver abrir a cidade ao mar.

1. Esixir que o financiamento do porto exterior da Coruña sexa asumido completamente polo Estado e negociar a devolución á cidade, sen cargas adicionais, dos terreos que resulten desafectados das actividades portuarias no Porto Interior.
2. Constituír un consorcio, coa participacións das distintas administracións e entes implicados, para impulsarmos a transformación dos terreos do porto interior.
3. Fronte aos modelos dos convenios de 2004 polos que se pretendía vender os terreos do porto interior para a construción de centros comerciais, hoteis e vivendas, propoñemos que a cidade lidere a transformación do Porto interior en base ao mantemento da titularidade pública e aos seguintes usos:
 - 3.1. Usos produtivos: o porto interior ten que seguir sendo un motor económico en materia pesqueira e de tráfico de mercadorías, mais tamén con espazos para a investigación, o desenvolvemento e a innovación (I+D+i), promovendo o establecemento de industria innovadora vinculada á economía do mar.
 - 3.2. Zonas verdes e de lecer.
 - 3.3. Equipamentos públicos: o porto é un espazo ideal para ampliarmos equipamentos públicos necesarios para a cidade, especialmente do ámbito social -posibilidade de instalar a Biblioteca Central da cidade, escola infantil, residencia para estudantado e investigadores/os, centro de día- mais tamén do ámbito sanitario.
 - 3.4. Iniciar desde o Concello un proceso de diálogo con outras administracións e de consultas co persoal sanitario e o conxunto da cidadanía para estudarmos a posibilidade de acometer a medio prazo o traslado a San Diego do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña. Esta opción presenta as seguintes vantaxes:
 - Resolver os actuais problemas de falta de espazo, dispersión de edificios e dificultades de accesibilidade do CHUAC.
 - A nova localización (próxima ao mar, en que é posíbel a creación de



amplas zonas de aparcamento, de doada conexión coa AC-12, a AC-10 e a Avenida Ramón y Cajal, e próxima tamén ao tendido ferroviario do porto interior), facilitaría a accesibilidade e a conexión con distintos modos de transporte e dotaría á zona da masa crítica precisa para recuperar o transporte marítimo e investir na implantación dun servizo de proximidade por ferrocarril que desembarcaría no intercambiador.

- A nova localización resolvería os problemas de falta de espazo do INIBIC (Instituto de Investigación Biomédica da Coruña) permitindo actuacións como unha torre de investigación e unha residencia para investigadores e especialistas internos residentes que reforce á nosa cidade como unha referencia no eido da investigación biomédica.
 - Dotaría de actividade as 24 h aos terreos liberados do actual porto interior, co que se resolverían os problemas de seguridade que a falta de actividade nocturna podería suscitar.
4. Impulsar a creación dun intercambiador de transporte marítimo-terrestre que inclúa o aproveitamento do tendido ferroviario existente para pór en marcha servizos de tren de proximidade.
5. Abrir o porto á cidade e recuperar e valorizar a identidade mariñeira da cidade:
- 5.1. Demandar a apertura da lonxa ao público e a flexibilización do acceso a algunhas áreas portuarias.
 - 5.2. Creación dun museo do mar.
 - 5.3. Protección e posta en valor da lonxa do Gran Sol.
 - 5.4. Creación dun escola municipal de deportes náuticos que inclúa tamén a aprendizaxe e goce das embarcacións tradicionais.
 - 5.5. Promover a instalación de pantaláns para embarcacións tradicionais e a celebración de encontros nacionais e internacionais.
 - 5.6. Recuperar o bordo litoral de Oza, en particular os vestixios do antigo castelo de San Diego e a rehabilitación integral do conxunto formado pola capela, faro e lenzos das antigas murallas de Oza. Opoñerse á instalación dunha planta de tratamento de residuos no porto de Oza por ser incompatible cos devanditos obxectivos.



En Defensa do Común

Recuperar para a cidade o que é noso non afecta só aos terreos do porto. En Barcelona a Ciutadella e Montjuïc eran espazos militares que foron doados á cidade e hoxe son dous parques emblemáticos. Madrid presume de ser unha das cidades con máis parques grazas a que propiedades da coroa ou antigos coutos de caza da realeza, como a Casa do Campo ou o Retiro, foron cedidos ao pobo de Madrid. Na Coruña, o Estado é propietario de terreos e instalacións hoxe en desuso, que deben ser devoltas á cidade.

1. Realización dun inventario de bens que pasaron a outras administracións co obxecto de iniciar os trámites para esixir a súa devolución no caso de estar actualmente en desuso.
2. Demandar da autoridade portuaria a cesión gratuíta dos xardíns da Mariña e os terreos do “Hotel Finisterre” e “La Solana”.
3. Solicitar a devolución dos terreos e instalacións cedidos ao Estado e actualmente en desuso ou infrautilizados. En particular, o Goberno Municipal esixirá a devolución, á parte dos terreos do porto interior que resulten desafectados, dos terreos da Maestranza e o Campo da Estrada, o solar da Rúa Adelaida Muro propiedade do Ministerio de Defensa, o antigo cárcere, o cuartel de Atocha, os terreos no contorno do Observatorio Meteorolóxico e os terreos do antigo Parque de Automóbiles do Exército. Ademais, o Goberno Municipal esixirá a apertura ao público dos xardíns de Capitanía.
4. Promover a declaración do antigo cárcere como Ben de Interese Cultural (BIC) para garantir que a administración titular se comprometa a conservalo, restauralo e abri-lo ao público.
5. Defender a visibilidade ao mar desde o Paseo do Parrote por formar parte do patrimonio paisaxístico da nosa cidade.
6. Iniciar as accións legais contra os herdeiros do ditador para acadar a devolución da Casa Cornide.



A Coruña: unha cidade universitaria

1. Apoiar o desenvolvemento da investigación e da innovación, en particular no relativo ao proxecto liderado pola UDC de crear a cidade das TIC e ao desenvolvemento do INIBIC (Instituto de Investigación Biomédica).
 - 1.1. Impulsar a Cidade das TIC: alén do apoio institucional, o Concello concretará e axilizará as actuacións urbanísticas e as conexións de transporte que aseguren a accesibilidade e contribúan ao desenvolvemento do proxecto.
 - 1.2. Impulsar e desenvolver as distintas áreas de investigación biomédica vinculadas ao CHUAC e á UDC: o Concello colaborará na resolución dos problemas derivados da insuficiencia de espazo para desenvolver o seu labor.
2. Mantemento, de maneira permanente, dos viarios do Campus de Elviña por parte do Concello da Coruña na medida en que son viarios que emprega toda a veciñanza.
3. Desenvolver unha liña de axudas do Concello para fomentar a mobilidade internacional do persoal docente investigador, dos PAS e do estudiantado.
4. No novo escenario de xestión do transporte público urbano, reformular o bonobús universitario para que sexa universal e que non constitúa unha axuda pública para aumentar as arcas dunha empresa privada.
5. O Concello da Coruña demandará a mellora das comunicacións entre A Coruña e Ferrol, con especial atención á liña ferroviaria e promoverá a posta en funcionamento de trens de proximidade utilizando o apeadoiro de Elviña para garantir a comunicación dos campus da Universidade da Coruña coa comarca e coa área metropolitana.
6. Dotación, no posíbel, de instalacións para incrementar a oferta de prazas públicas de aloxamento universitario.
7. Realización de acordos de colaboración para uso compartido de espazos e instalacións singulares da Universidade da Coruña, en que se inclúan cláusulas específicas sobre a súa conservación e mantemento.



Un urbanismo á medida das persoas

1. Desenvolvemento dun plan de rexeneración dos barrios co obxecto de humanizar o espazo público, para mellorarmos a calidade e accesibilidade dos espazos urbanos. O plan contemplará un incremento significativo das zonas e corredores peonís, das prazas, parques e xardíns e a creación de corredores verdes.
2. Modificación do planeamento, entre outros asuntos, no relativo á alta densidade de construción prevista en Durmideiras e para facer posíbel a desafectación das veciñas e dos veciños de Elviña afectados polo planeamento de Xuxán (Ofimático).
3. Revisión do PEPRI, entre outros asuntos, no que ten a ver coa permisividade da instalación de actividade comercial en alturas para evitar o baleiramento da Pescaría e a Cidade Vella.
4. Continuación da oficio dos actos e acordos nulos de pleno de dereito relativos ao sector S-7 Someso, depurando todo tipo de responsabilidades legais e administrativas.
5. Aprobación dun verdadeiro Plan de protección da Torre de Hércules e do seu ámbito de influencia.

Garantir o dereito a unha vivenda digna

1. Reformar EMVSA para que sexa realmente unha empresa pública de vivenda, que favoreza o dereito de acceso á vivenda mediante o incremento do parque público existente e o desenvolvemento de políticas que contribúan a incentivar e regular o mercado de alugueiro.
2. Creación dun banco de vivendas para o alugueiro, que se nutra tanto de vivendas de titularidade pública como de vivendas de particulares que poñan as súas vivendas a disposición da empresa para a súa intermediación na captación de clientes que necesitan acceder a un aluguer. O prezo do alugueiro estará taxado de acordo cos ingresos das persoas solicitantes. Haberá ofertas específicas adaptadas ás necesidades e posibilidades dos colectivos en risco de exclusión, mulleres vítimas da violencia de xénero, das persoas mozas e as



familias numerosas.

3. Demandar do Estado que as vivendas xestionadas pola SAREB (Sociedade de Xestión de Activos procedentes da Reestruturación Bancaria) sexan destinadas á oferta de vivenda protexida.

Rehabilitación e accesibilidade

1. Desenvolvemento de novas áreas de rehabilitación urbana na cidade, cando menos no Barrio das Flores, nos Mallos e na Agra do Orzán.
2. Revalorización do patrimonio arquitectónico, histórico ou contemporáneo e os espazos vacantes públicos degradados e desenvolver estratexias de reactivación.
3. Elaboración dunha listaxe de soares e de estruturas sen rematar na cidade para estudar cada unha das circunstancias e as posibilidades de emprego de cada un deles.
4. Aumento das partidas orzamentarias destinadas a rehabilitación e accesibilidade e da porcentaxe subvencionábel para cada vivenda. Incremento dos recursos humanos e técnicos do Concello no asesoramento á rehabilitación de vivendas.
5. Condicionamento de todas as axudas á rehabilitación á posta en alugueiro dos bens rehabilitados sempre e cando estes non foren os de residencia habitual.
6. Flexibilizar, agás en edificios de valor patrimonial, as ordenanzas no relativo á reforma de vivendas, para incrementar a oferta de pisos adaptados ás necesidades dos e das demandantes actuais, asegurando sempre estándares de habitabilidade.
7. Condicionamento de todas as axudas para a instalación de elementos de accesibilidade á non suba do alugueiro: de xeito que as persoas alugadas non vexan repercutido no prezo do seu alugamento a instalación destes elementos cando para a súa instalación o propietario do inmóbel reciba cartos públicos.
8. Creación dun Servizo de Mediación Municipal en colaboración con tecido asociativo específico: este servizo, dunha banda, formará o persoal municipal e, doutra, actuará en casos en que hai dificultades en comunidades de veciñas/os de chegar a acordos para realizaren obras de accesibilidade.



9. Impulso de alternativas que permitan a instalación de ascensores en todos os edificios como os “ascensores comúns a unha mazá de vivendas”.
10. Mudanza nas bases das subvencións á rehabilitación e accesibilidade para que estas poidan solicitarse durante todo o ano ou, cando menos, até o remate do crédito orzado.
11. Revisión do censo de locais e edificios municipais, con datos sobre o seu estado, usos e orzamento necesario para a súa rehabilitación para así elaborar unha planificación de investimentos e un regulamento para que a cidadanía e as entidades poidan empregalos.

Loita contra os desafiuzamentos

1. A Oficina Municipal de Vivenda actuará coordinadamente cos servizos sociais do Concello e coa área responsábel en materia de vivenda, para levar a cabo, entre outras, as seguintes accións:
 - 1.1. Campañas de información á cidadanía sobre os seus dereitos nos procesos de execución hipotecaria e ante as entidades financeiras.
 - 1.2. Asistencia ás familias afectadas por procesos de execución hipotecaria e desafiuzamento, reconducíndoas aos servizos sociais do Concello cando requiriren axudas ou prestacións para orientalas e asignarlles o recurso mais idóneo.
 - 1.3. Creación dun sitio web propio que lle ofrezca información á veciñanza sobre as actuacións da Oficina, os recursos municipais dispoñíbeis para familias en procesos de desafiuzamento e orientación sobre os principais problemas e dificultades a que deben facer fronte, como as titulizacións.
 - 1.4. O Concello da Coruña non colaborará no despexo de persoas das vivendas que constitúen a súa residencia habitual e non asinará operacións de crédito con entidades que desafiúzan.
 - 1.5. Exención do IBI ás persoas alugadas en vivendas de titularidade municipal.



Unha **Coruña** para vivirmos e traballarmos, cunhas políticas públicas orientadas á **xeración de emprego**

Queremos unha Coruña para vivirmos e traballarmos, en que a nosa mocidade non se vexa forzada a emigrar. Queremos unha Coruña próspera, cunha economía diversa e puxante, unha Coruña que sexa o motor económico de Galiza.

O Concello, en diálogo coas outras administracións e os axentes sociais, debe liderar un proxecto económico de futuro a escala metropolitana que defina e afiance o papel de Coruña en Galiza e no sistema de cidades.

Ademais, o Concello, no exercicio das súas competencias, debe ser un axente dinamizador, cunha administración áxil e eficaz e unha política de investimentos e contratacións públicas que dinamice a economía, xere emprego e fortaleza o tecido económico local. A xeración de emprego será un obxectivo transversal en todas as políticas municipais.

Eixos principais da política económica

1. Creación dun Consello Económico e Social que sexa un marco de diálogo e consulta permanente cos axentes sociais.
2. Elaborar e impulsar, de xeito dialogado cos restantes concellos da área metropolitana, outras administracións, axentes sociais e a UDC, un Plan de desenvolvemento en torno aos seguintes eixos:
 - 2.1. Impulsar a renovación e a diversificación do noso sector industrial, que superar a excesiva dependencia do sector servizos da economía comarcal.
 - 2.2. Apoiar o desenvolvemento da investigación e innovación. Apoiar o proxecto liderado pola UDC de crear a cidade das TIC e desenvolver o INIBIC (Instituto de Investigación Biomédica).
 - 2.3. Promover a revitalización, a modernización e a diversificación do pequeno comercio.
 - 2.4. Promocionar unha imaxe de marca asociada á calidade dos nosos produtos do mar e incentivar o establecemento de industria innovadora vinculada á



economía azul.

2.5. Proxectar A Coruña como referencia mundial da moda galega.

2.6. Potenciar a economía verde, vencellada á posta en valor dos produtos da terra, o consumo responsábel e a revitalización do comercio de proximidade.

2.7. Deseñar unha política de investimentos e contratacións públicas que dinamicen a economía, xeren emprego e fortalezan o tecido económico local.

Emprego

1. O Concello da Coruña reclamará á supresión das limitacións legais á creación de emprego público, co obxecto de reforzar e ampliar os servizos públicos que presta o Concello.
2. Potenciar a formación para o emprego desde o Centro Municipal de Emprego. A oferta de programas de formación atenderá á demanda real e á potenciación de depósitos de emprego que se poidan implementar desde a propia acción de Goberno.
3. Potenciar os obradoiros de emprego.
4. Apoiar os centros especiais de emprego para a inserción laboral das persoas discapacitadas e á integración laboral das persoas inmigrantes e ás persoas emigrantes retornadas.
5. Colaborar cos servizos públicos de emprego e coas diferentes entidades sociais que fan labores de integración e de formación para o emprego co obxecto de canalizar axudas para contratar persoas desempregadas, sexa en servizos dependentes do Concello da Coruña ou en empresas colaboradoras.
6. Promocionar a sinatura de convenios coas empresas locais para mellorarmos ocupación laboral.
7. Inclusión nos procesos de contratación administrativa de criterios relativos á calidade do emprego: estabilidade, condicións laborais e salariais dignas, igualdade de xénero e favorecemento da contratación de persoas



desempregadas, nomeadamente as que pertencen a colectivos con dificultades de inclusión social. O Concello da Coruña velará polo cumprimento dunhas condicións laborais e salariais dignas en todas as empresas que contrate para obras ou servizos.

8. Apoiar a creación e o mantemento do emprego autónomo ou en cooperativas de traballo asociado e sociedades laborais; así como á difusión e fomento do cooperativismo e a economía social como vías para procurar unha ocupación laboral.
9. Ampliar o Servizo de Canguraxe para as persoas en período de formación para a inserción laboral.

Fomento do tecido produtivo local

1. Elaborar o Plan de desenvolvemento e industrialización para a cidade e a súa área metropolitana a partir da “Diagnose previa para a elaboración dun plan de industrialización e desenvolvemento empresarial 4.0 da cidade da Coruña”.
2. Impulsar a Cidade das TIC. Alén do apoio institucional, o Concello concretará e axilizará as actuacións urbanísticas e as conexións de transporte que aseguren a accesibilidade e contribúan ao desenvolvemento do proxecto.
3. Impulsar o desenvolvemento das distintas áreas de investigación biomédica vencelladas ao CHUAC e á UDC. O Concello colaborará na resolución dos problemas derivados da insuficiencia de espazo para o desenvolvemento do seu labor.
4. Impulsar a economía azul, incentivando a instalación de empresas que acheguen coñecemento e valor engadido á economía do mar.
5. Crear a marca de produto coruñés para potenciar aquel produto descargado, transformado, vendido ou cociñado na cidade.
6. Impulsar un plan de rexeneración urbana que atenda tamén á súa dimensión económica: xeración de emprego mediante o investimento na mellora do espazo público, favorecendo a revitalización do comercio e a hostalaría e, en xeral, a atracción de actividade económica ofertando unha contorna agradábel e de calidade.



7. Establecemento de sementeirias de empresas, mediante a oferta municipal de locais adecuados e de baixa renda, por un tempo determinado até que se consolide como viábel a iniciativa empresarial. Potenciar a relación entre os viveiros de empresas que actualmente operan na cidade.
8. Creación dunha oficina de apoio e asesoramento de emprendedores da cidade que simplifique e facilite os trámites administrativos mais tamén axude a coñecer as posibilidades dos negocios, evitando así a frustración, o endebedamento e a apertura e posterior peche de negocios. Reforzar o asesoramento legal e económico e da titorización á hora de pór en marcha un plan empresarial, así como o incremento das axudas na tramitación da constitución das empresas e das exencións fiscais no inicio da actividade, alén da posibilidade de que o Concello poida actuar como avalista en casos moi concretos.
9. Estabelecer contratos-programa para desenvolver actividades, con axudas condicionadas a unha serie de obxectivos que deberán cubrir as empresas dos mozos e mozas empresarias.
10. Mobilización, a través da creación dun banco de locais baleiros, dos baixos en desuso na cidade, para fomentar a diversidade de usos, incluíndo, ademais das actividades comerciais, a instalación de microempresas, a cesión de locais para asociacións e entidades sociais e iniciativas de economía social.
11. Apoiar o dimensionamento das empresas ligadas á creación e divulgación da lingua e cultura nacionais mediante a reserva, dentro dos orzamentos de cultura e festas do concello, dunha parte importante para eventos producidos por empresas de servizos culturais galegas co obxectivo de afianzar esta industria cultural.
12. Potenciar a realización de feiras, congresos e eventos públicos, como elementos dinamizadores da vida económica.
13. Organizar e fomentar mercados urbanos na rúa abertos á participación de diversas actividades económicas.
14. Recuperar a artesanía e os oficios tradicionais con viabilidade económica a través de escolas-obradoiro. Prestación de servizos aos artesáns e ás artesás sobre medios dixitais e materiais.



Polígonos industriais

1. Pór en práctica unha política real de defensa do solo empresarial que corrixa tanto as deficiencias dos polígonos existentes como as consecuencias urbanísticas da desarticulación do tecido empresarial para revalorizar o espazo e acadar melloras na accesibilidade ás redes de transporte e de comunicación, a calidade ambiental como factor de atracción diferencial e a integración efectiva das unidades e dos servizos produtivos para crear efectos sinérxicos no interior e na contorna.
2. Desenvolvemento de infraestruturas e servizos que axuden á puxanza dos polígonos industriais e ás posibilidades de empregabilidade das empresas alí presentes.
3. Mellorar os servizos de auga, saneamento, depuración e outros servizos básicos (limpeza, correos, hostalaría...)
 - 3.1. Mantemento e reposición das vías e das beirarrúas e primar o criterio da accesibilidade e da seguridade viaria.
 - 3.2. Mellora do alumeadado público.
 - 3.3. Dotación de aparcadoiros disuasorios nas proximidades dos polígonos e posta en marcha de liñas de transporte urbano que conecten a cidade cos polígonos e de liñas lanzadeiras nos polígonos para o desprazamento até os centros de traballo.
 - 3.4. Estudo da viabilidade do emprego da liña ferroviaria que pasa polos polígonos de Pocomaco e A Agrela.
 - 3.5. Construción das glorietas de enlace coa avenida de Fisterra.
 - 3.6. Mellora da conexión entre os polígonos de Pocomaco e Vío e o Polígono da Agrela-Bens.

Comercio e hostalaría

1. Apoio, promoción e defensa de todas aquelas iniciativas do pequeno e do mediano comercio que incidan na súa promoción.



2. Realización de campañas destinadas á promoción da compra no pequeno e mediano comercio como opción de consumo responsábel, favorecedora da economía de proximidade, máis respectuosa co medio e fundamental para o mantemento da vida dos barrios.
3. Elaboración dun censo de locais baleiros da cidade, con información sobre a súa superficie, localización, estado das licenzas e situación actual.
4. Creación dun banco de locais baleiros co obxecto de ofertalos en alugueiro a prezo taxado, integrado tanto por locais de titularidade municipal como por locais de particulares que os poñan á disposición do banco para labores de intermediación.
5. Impulso ao labor de asesoramento e formación, co obxectivo de modernizar e diversificar o noso tecido comercial.
6. Integrar o pequeno e mediado comercio como actividade estratéxica para protexermos e a dinamizarmos nun plano de urbanismo e de mobilidade sustentábel. As actuacións e intervencións municipais serán dialogadas co sector.
7. Aplicar planos coordinados de promoción do turismo e do comercio local co fin de estimular a actividade comercial das zonas tradicionais da Coruña.
8. Asegurar, na intervención no espazo público, o mantemento dos tráxicos precisos para a carga e descarga, con espazos reservados para estes efectos.
9. Promocionar unha imaxe de marca que poña en valor a calidade da nosa gastronomía e potenciar, con ese fin, a Coruña como sede de eventos gastronómicos.
10. Organización de eventos que conecten a hostalaría dos barrios da cidade e o seu comercio a través de mostras de cociña, que mesmo se poden facer en colaboración cos centros formativos en materia de hostalaría presentes na cidade.



Mercados Municipais

1. Potenciación dos mercados municipais como centros dinamizadores da vida comercial e social dos barrios.
2. Modificar a ordenanza co obxecto de ampliar horarios, diversificar a oferta e permitir a coexistencia de usos que favorezan a súa dinamización e captación de novos usuarios e usuarias (feiras de artesanía, feiras gastronómicas, eventos sociais e culturais, etc.). A modificación da ordenanza municipal terá por obxecto, así mesmo, regular a situación das praceiras e dos praceiros de Durmideiras e Santa Lucía.
3. Fixar o obxectivo de que todos os mercados municipais adquiren o selo de “Mercado Excelente” da Xunta de Galiza, tomando como referencia o Mercado Municipal de Tomiño.
4. Reforma e remodelación dos mercados de Monte Alto, Durmideiras e Santo Agostiño e construción do novo mercado de Santa Lucía. Acondicionamento do espazo da feira da Sardiñeira.
5. Convocatoria dun concurso para optar aos postos baleiros nos mercados municipais. Mentres non se convocar e resolver o concurso, facilitarase a ocupación temporal destes postos.
6. Rexeneración e peonalización das contornas dos mercados municipais - respectando sempre a carga e descarga- para convertelos nos centros de actividade dos barrios. Diálogo co tecido asociativo dos mercados e dos barrios afectados para pórmos en marcha estas actuacións.
7. Dotación de consignas en todos os mercados municipais.
8. Axudas ao asociacionismo de praceiras e praceiros para a difusión e promoción dos propios mercados municipais.
9. Desenvolvemento de campañas que incentiven a compra nos mercados municipais como lugares de compra saudábel, económica, de calidade e responsábel desde un punto de vista do/a consumidor/a.



Turismo na cidade modelo: selo de calidade

Unha cidade que aspire a presentar ás visitantes unha oferta rica e singular dos seus atractivos turísticos debe enfocar o turismo desde un Plan integral de acción que comprometa todos os departamentos do Concello pero tamén active a participación continua de todos os sectores.

O obxectivo desde plan integral de acción é que, alén dos beneficios económicos públicos e privados, todas as intervencións repercutan en beneficios para a cidadanía de toda a comarca, porque a aposta é pensar tamén o turismo desde unha visión comarcal.

O plan integral de acción ten como eixos diversificar oferta a partir do aproveitamento dos recursos naturais e patrimoniais da comarca coruñesa e a desestacionalización da actividade turística.

O plan, aberto a novas achegas, debería atender inicialmente as cuestións máis urxentes a través das propostas que achegamos a continuación:

1. Reformulación do Consorcio de Turismo para que este teña unha visión metropolitana das posibilidades turísticas de toda a área coruñesa máis aló do termo municipal.
2. Elaboración dun Plan director para a Torre de Hércules, que incluírá un programa de visitas guiadas, en que se recuperarán, ademais, as visitas nocturnas e as gratuítas en determinadas épocas do ano, e a ampliaranse os servizos que ofrece o conxunto cun emprazamento que sirva de centro de interpretación, con baños e centro de recepción das e dos visitantes.
3. Potenciar a imaxe de marca da Coruña a partir da asunción na política turística municipal de normas de calidade e o do impulso aos traballos para a creación dun plan de posicionamento de marca e destino.
4. Garantir a sustentabilidade en todas as actuacións e prácticas en materia de turismo e fomentar na cidade e na comarca da Coruña o turismo sustentábel con que pór en valor os elementos ambientais e socio culturais da contorna e axudar na conservación do patrimonio natural.
5. Definir unha estratexia marco para a xestión da estacionalidade na demanda turística e desenvolver ferramentas e produtos para reducir a



estacionalidade, deseñar clubs de produto, paquetes específicos para públicos obxectivo.

6. Potenciar o turismo náutico e mariñeiro (aproveitando a capacidade de divulgación da aula ou museo do mar proposto como un dos equipamentos para incluír nos actuais terreos do porto).
7. Desenvolver un programa de visitas guiadas pola cidade que impulse a potencialidade de espazos como a Cidade Vella e a ruta do Camiño de Santiago polo interior da cidade.
8. Ampliación dos descontos e das utilidades da Tarxeta Coruña Card.
9. Adecentamento da área de (auto)caravanas cunha mellor iluminación, con conexións en transporte público cos puntos de relevancia turística e patrimonial da cidade e tamén con puntos de subministración para o caravanismo.
10. Creación dunha liña de bus turístico da cidade dentro do servizo de autobuses urbanos que percorra todos os puntos de relevancia turística e patrimonial da cidade.
11. Mellora da sinalética do noso patrimonio e facela accesíbel para as persoas con mobilidade reducida e diversidade funcional.
12. Incluír os mercados municipais como puntos de atracción turística dentro das medidas para a súa recuperación a partir da promoción dos produtos en venda e da gastronomía que toma como base estes produtos.
13. Deseñar actuacións específicas para pór en valor como activos turísticos o patrimonio histórico e artístico da cidade e da memoria da cidade.

Mar

A pesca e as actividades relacionadas co mar son de importancia estratéxica para a cidade. O Concello defenderá a declaración do porto pesqueiro da Coruña, na súa condición de porto galego, como altamente dependente social e economicamente da pesca e apoiará as seguintes medidas:

1. Potenciación, defensa e promoción das actividades de pesca, marisqueo,



extracción de percebe e pesca de baixura en todos os seus ámbitos de actuación e a creación dunha lonxa de mariscadores e mariscadoras.

2. Recuperación integral da Ría do Burgo e planificación racional dos seus usos.
3. Recuperación do banco marisqueiro e pesqueiro da contorna do emisario de Bens.
4. Dereito dos mariñeiros galegos a vivir do seu traballo, contribuíndo á elaboración dun plan de viabilidade do sector.
5. Supervivencia da frota do cerco e da arte menor, modificación do actual reparto de cotas por outro onde sexan preponderantes os criterios socioeconómicos e o número de tripulantes.
6. Impulsar os produtos da Confraría de Pescadores, colaborar coas súas actividades e erixirse como garante dos colectivos de baixura, marisqueo e percebe.
7. Impulso da celebración de actividades lúdicas de exaltación dos produtos da pesca de baixura.

Impostos municipais

1. Exención do pagamento do IBI ás persoas alugadas en vivendas municipais.
2. Elevación da bonificación do IBI até o 90% nos inmóbeis que sexan obxecto de rehabilitación mentres dure a obra de rehabilitación, de acordo co establecido na TRLHL.
3. Revisión das tarifas da ordenanza reguladora da taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento do lixo e residuos urbanos segundo o grao de tratamento realmente efectivo do lixo.
4. Elevación do imposto de aperturas a locais de casas de apostas.
5. Incremento das exencións fiscais aos emprendedores no inicio da súa actividade.
6. Tomar como referencia os ingresos “per cápita” da unidade familiar para beneficiarse de descontos e bonificacións ou á hora de pagar impostos e taxas.



Participación cidadá

1. Modificación do Regulamento orgánico de participación cidadá para garantir:
 - 1.1. Participación veciñal na elaboración dos orzamentos municipais a través dos orzamentos participativos, onde a cidadanía participe tamén de maneira directa, con presentación de proxectos e votacións presenciais, cun sistema de reparto por barrios que evite a marxinación das zonas con menos peso de poboación.
 - 1.2. Creación de órganos de participación sectoriais (consellos locais) e territoriais (consellos de barrio). Estes órganos serán consultados á hora de definir as liñas de actuación en cada área ou en cada barrio. Entre outros asuntos, serán consultados na definición de bases de subvencións, na elaboración dos orzamentos e no deseño dos pregos de cláusulas de contratación que afecten a cada área.
 - 1.3. A participación dos veciños e das veciñas no Pleno do Concello, non só a través do escano cidadán senón a través da proposición e defensa de mocións
 - 1.4. Realización de Plenos da Corporación en horarios e lugares diferentes ao habitual para garantir a participación veciñal.
 - 1.5. Mantemento da retransmisión en directo dos plenos a través da propia web do Concello da Coruña.
 - 1.6. Utilización do mecanismo da consulta popular, sobre todo en cuestións de importancia estratéxica para a cidade e proxectos de impacto social, ambiental ou urbanístico. A primeira consulta popular será sobre o futuro dos terreos do porto interior, para cumprir o acordo plenario do 6 de marzo de 2017.
 - 1.7. Estabelecemento, así mesmo, de consultas populares aproveitando os medios tecnolóxicos, mesmo para decidir gastos cun importe económico elevado.
 - 1.8. Impulso do movemento asociativo, apoiando o fortalecemento das organizacións sociais como vía para avanzar nunha acción de goberno



realmente transformadora das condicións de vida dos cidadáns e das cidadás.

- 1.9. Mellora e optimización, real e efectiva, do Rexistro Municipal de Asociacións.
2. Incentivar e garantir a colaboración co tecido asociativo no mantemento e na xestión de espazos e locais públicos. Con tal fin:
 - 2.1. Elaborarase un Regulamento, consensado coas entidades da cidade, para a cesión e utilización de locais municipais (incluídos os centros cívicos) con criterios claros e transparentes.
 - 2.2. Impulsarase un plan de investimento en locais de propiedade municipal.
 - 2.3. Informarase dos proxectos de obras públicas á veciñanza e ás persoas titulares dos locais de comercio e hostalaría afectados, para coñezan as súas características e poidan formular propostas, co obxecto de minimizar as molestias derivadas das obras e optimizar o resultado final.
 - 2.4. Recuperase a participación da veciñanza e das persoas interesadas no control de actividades non sometidas a licenza, co reforzamento e regulación do dereito a ser parte interesada nos procedementos de inspección.



Administración, **servizos públicos, empresas públicas, concesións e empresas que traballan para a administración municipal**

1. O salario das e dos membros do Goberno non será superior ao quíntuplo do SMI. Os cargos públicos non percibirán remuneracións extras pola asistencia aos consellos de administración das empresas municipais, así como de organismos con representación municipal.
2. Asegurar a axilidade dos procedementos administrativos, introducindo criterios de racionalidade e eficacia e dotarémolos do persoal necesario para acadar este obxectivo.
3. Integrar as bases de datos municipais coas doutras administracións para evitar a presentación en distintas instancias da mesma documentación por parte das persoas interesadas.
4. Realizar avaliacións das empresas municipais (EMALCSA e EMVSA) para reorientar os seus fins como servizo público, así como do Consorcio de Turismo e do Consorcio da Música.
5. Realizar avaliacións das concesións administrativas para as revisarmos e recuperarmos, especialmente aquelas que supoñen grandes beneficios económicos para as empresas por conta do erario público.
6. Control na prestación de servizos públicos contratados mediante sistemas de control de xestión baseados en indicadores.
7. Publicaranse os resultados das avaliacións realizadas, así como das memorias de xestión dos servizos.
8. Elaboraranse cartas de servizo, nas que se informe dos servizos que se ofertan, dos compromisos na prestación, dos trámites básicos de cada procedemento administrativo municipal, así como dos dereitos das persoas usuarias.
9. Nomeamento dun/ha empregado/a municipal ao servizo das persoas usuarias nos servizos prestados por xestión indirecta, que se encargará de seguir a prestación do servizo e de resolver as queixas que a cidadanía faga sobre o seu funcionamento .



10. Reforzar as funcións de inspección para velar polo cumprimento das normativas municipais.
11. Asegurar un uso eficiente, racional e aberto dos recursos públicos. Con tal fin realizaranse:
 - 11.1. Un inventario de todos os bens do Concello da Coruña en que se especificará o seu número, valor, características e a súa situación xeográfica e física.
 - 11.2. Un inventario de canalizacións e instalacións urbanas co obxecto de crear tapas de canalizacións comúns das subministracións para evitar levantamentos de rúas continuos.
12. Implantar o software de código aberto e a utilización de estándares abertos nos sistemas informáticos municipais.
13. Introducción de cláusulas sociais nos pregos de contratación e control exhaustivo do seu cumprimento.
14. Compromiso de mediación do Goberno Local en casos de conflito laboral nas empresas adjudicatarias de servizos públicos.
15. Negociación, coa representación sindical, dunha nova Relación de Postos de Traballo na que se contemplen os cambios que resulten da realización do proceso de racionalización das diferentes áreas e servizos, con criterios claros de aplicación dos diferentes factores de valoración.
16. Asinar un acordo regulador para o persoal funcionario que substitúa o aprobado no ano 1992.
17. Reducir, ao mínimo imprescindible, a temporalidade na ocupación dos diferentes postos de traballo, xa sexa en comisión de servizos ou adscrición provisional, negociando coa representación sindical os criterios de utilización destes sistemas de provisión. Convocatoria anual de concurso de provisión de postos.
18. Cumprir co dereito do funcionariado do desenvolvemento real da carreira profesional, tanto vertical como horizontal.
19. Adopción das medidas necesarias para que todos os/as empregados/as públicos poidan conciliar a vida laboral e familiar con independencia do servizo



onde desenvolvan as súas funcións.

Contratación pública

1. Inclusión de cláusulas para que a contratación pública estratéxica e responsábel acade obxectivos sociais, éticos, ambientais e lingüísticos. Así, introducíranse cláusulas sociais, de comercio xusto e responsábel, verde, de xénero e de fomento do uso do galego. Daráselles preferencia ás entidades sen ánimo de lucro, á economía social e á integración de colectivos desfavorecidos ou que presentan dificultades de inclusión social.
2. Procura, sempre para cumprir a lexislación en materia da contratación pública, que nas compras e subministracións de produtos se valore aqueles que existen en lingua galega (programas, equipos informáticos e electrónicos, produtos alimentarios, medios de comunicación e subministracións de todo tipo) e que fosen elaborados en condicións óptimas de sustentabilidade e de comercio xusto, responsábel e ético. Valorarase o domicilio social das empresas e a creación de emprego no ámbito local, comarcal e nacional galego.
3. Emprego dos servizos financeiros da banca cooperativista galega e da banca ética.
4. Inclusión nos pregos de condicións para a adquisición de crédito ou doutros servizos financeiros a exigencia ás entidades dunha declaración de compromiso ético, nos seus produtos financeiros, empresas ou grupos en que invistan.
5. Mantemento dos grupos da oposición nas mesas de contratación.
6. Publicación, de acordo coa lexislación en materia de contratación do sector público, perfil do contratante de todos os contratos, incluídos os menores.



A cultura que fai cidade e a cidade que fai cultura

A política cultural do BNG para a cidade da Coruña parte da capacidade e do talento creativos existentes, que lideran un proxecto cultural municipal participado e inclusivo para unha cidade epicentro cultural da vida da veciñanza artellado desde tres eixos: cultura de proximidade, cultura desestacionalizada e cultura para a cohesión social, a formación e a transformación.

O proxecto cultural do BNG para a cidade atenderá á participación equitativa de homes e mulleres creadoras que tome en conta a diversidade cultural desde unha perspectiva integradora, transversal, plural, feminista, galega e universal.

A cultura da cidade como marca propia é a nosa #CidadeCreativa.

Lectura e bibliotecas

1. Cumprimento do Plan municipal de bibliotecas co obxectivo de garantir o acceso de toda a veciñanza a servizos bibliotecarios de calidade.
2. Constitución dunha Rede única de bibliotecas públicas da cidade.
3. Impulso da elaboración e aprobación en pleno dun plan estratéxico que planifique as liñas de actuación da rede de bibliotecas.
4. Creación dunha Biblioteca Virtual da Coruña que ofrezca en rede o catálogo completo de todas as bibliotecas públicas da cidade dependentes das diferentes Administracións.
5. Resolución do proceso de remunicipalización das bibliotecas estudando as diferentes posibilidades, garantindo os dereitos laborais do persoal de empresa mais tamén do funcionariado.
6. Construción dunha biblioteca municipal no barrio de Novo Mesoiro e unha Biblioteca Central.
7. Deseño e implementación dun plan de lectura da cidade coa participación de todos os axentes implicados.



8. Constitución das bibliotecas como espazos de opinión abertos a toda a cidadanía, integradas na tipoloxía específica de cada barrio, e promoción do pensamento crítico e da análise sobre diferentes temas da actualidade.
9. Potenciación das programacións dirixidas a valorizar e visualizar os autores e as autoras galegas.
10. Apoio ao desenvolvemento de estratexias de colaboración entre as/os libreiras/os, dirixidas á elaboración dun mapa de librarías da cidade.
11. Incremento do investimento para a compra de fondos e para as actividades culturais nas bibliotecas.
12. Creación da Semana do Libro.
13. Recuperación da Festa do Libro.

Museos e Cultura Científica

1. Sinatura de convenios coa Universidade da Coruña e centros de investigación para divulgar o seu labor nas salas dos Museos Científicos Coruñeses.
2. Renovación dos paneis dos Museos Científicos Coruñeses para a súa actualización e bo funcionamento.
3. Potenciación dos contactos con centros de divulgación da ciencia de Galiza e Portugal con actividades e iniciativas compartidas, na liña do aprobado na Lei Valentín Paz-Andrade.
4. Elaboración de material divulgativo, pedagóxico e turístico, así como un espazo virtual que relacione os grandes museos da cidade.

A memoria da cidade

1. Instalación de placas para a explicación dos nomes das rúas da cidade e da sinalética axeitada para os monumentos representativos da cidade.
2. Recuperación no posíbel no nomeamento das rúas ou prazas da toponimia tradicional.



3. Retirada dos nomes das rúas relacionadas co Franquismo.
4. Edición e distribución de unidades didácticas para a difusión da historia da cidade e dos personaxes históricos da cidade, especialmente das mulleres que foron protagonistas e pioneiras, mais que foron invisibilizadas pola Historia.
5. Deseño de itinerarios urbanos e encontros para difundir a historia da cidade.
6. Dotación de novas instalacións para o arquivo municipal, axeitadas ás súas necesidades de funcionamento, e dixitalización dos fondos documentais.
7. Impulso da visualización e dinamización das casas museo da cidade, dotándoas de persoal e orzamento propio, actualizando as súas propostas de oferta cultural e completando o proxecto da casa Picasso.
8. Creación do Museo da Cidade para recuperarmos a memoria colectiva da Coruña.

Artes plásticas e visuais

1. Retomar o proxecto de intercambio con outras cidades para os artistas plásticos locais.
2. Incrementar as canles de colaboración coas galerías e os creadores de arte contemporánea.
3. Potenciar as ferramentas que faciliten a difusión e a comunicación entre diversos públicos, achegando a arte a toda a cidadanía.
4. Creación de programas de difusión e apoio á realización de artistas plásticos e visuais realizada pola mocidade.
5. Apoio e difusión do Festival de Cinema S8, escaparate da cidade a nivel nacional, estatal e internacional.
6. Potenciación do legado artístico de Luís Seoane como marca propia da cidade e como ponte de diálogo con outras culturas europeas e americanas.
7. Procura de solucións para dar continuidade ao desaparecido proxecto integral do MAC.



Artes escénicas e musicais

1. Programación de actuacións de agrupacións de danza, arte en movemento, circo e música en espazos públicos e edificios singulares.
2. Programación estábel anual de teatro galego.
3. Realización de actividades de recoñecemento da figura de María Casares.
4. Programación estábel de actuacións nos recintos municipais de artes escénicas dirixida a novos públicos centrada en novas disciplinas como o teatro e danza contemporánea, o novo circo, a maxia e o cabaré, os espectáculos multimedia, a maxia e a música non comercial.
5. Potenciación da Sala O Túnel como espazo preferente para a exhibición de programacións dirixidas ao público novo, reforzo dos locais de ensaio co aumento da conexión en autobús con esta infraestrutura.
6. Posta en marcha dun plan para facilitar a realización de espectáculos nos locais da cidade, cunha ordenanza para simplificar administrativamente os permisos e un programa de alianza entre o Concello e os locais para garantir a actividade creativa na cidade, todo isto para cumprir a Lei galega de espectáculos públicos e manter a actividade cultural de iniciativa privada da cidade.
7. Incremento da presenza de intérpretes e autores galegos no cadro de persoal e na programación da Orquestra Sinfónica de Galicia.
8. Potenciación da Banda Municipal de Música: cobertura de vacantes, aumento do orzamento para a súa actividade, aumento da difusión da súa programación entre a veciñanza e fóra da cidade, dotación dunha infraestrutura suficiente para o ensaio e catalogación e dixitalización dos fondos documentais históricos dos seus 70 anos de vida musical.
9. Creación da Escola Municipal de Artes Escénicas.



Creación artística

1. Creación dunha Axenda Cultural Municipal que recompile e ensanche a visibilidade de toda a actividade cultural que na cidade se produce diariamente desde os diferentes axentes culturais.
2. Creación dun Catálogo de Recursos Culturais da cidade que difunda o seu labor creativo, facilite o labor de intercomunicación e o de promoción exterior do seu mercado laboral.
3. Habilitación de espazos multiusos en centros municipais para que os creadores locais poidan desenvolver alí os procesos de creación e produción.
4. Creación dunha factoría cultural, con servizos de apoio aos creadores en calquera disciplina artística.
5. Colaboración coa AELG e outros axentes literarios para crearmos unha aula permanente de creación literaria.
6. Recuperación da festa anual da cultura, *Achegarte*.
7. Creación dun programa de residencias artísticas que contribúan co proceso e tempo creativo das autoras e autores das diferentes disciplinas.

Participación cultural

1. Constitución do Consello Municipal de Cultura.
2. Implementación de fórmulas participativas para definir as programacións culturais, con mecanismos de presentación de propostas.
3. Conversión do edificio da antiga prisión provincial da Coruña nun espazo para a xestión cultural independente, retomando o proceso participativo e que sexa o pobo quen determine os contidos, a toma de decisións e a organización do espazo.
4. Instauración de cheques culturais para o acceso á cultura da mocidade e de persoas en risco de exclusión social, para garantir o dereito de acceso á cultura independentemente dos recursos económicos.



5. Estabelecemento dunha rede de espazos para a difusión cultural que cubra todos os barrios da cidade, mediante acordos con entidades públicas e privadas.
6. Estabelecemento dun programa de actuación para promover o acceso á programación cultural de colectivos desfavorecidos ou da poboación migrante, que represente un intercambio cultural retroalimentador.

Patrimonio

1. Catalogación, inventario, estudo e coñecemento do patrimonio histórico-artístico, arqueolóxico, etnográfico e eco-xeográfico.
2. Reformulación do proxecto museístico do Castelo de Santo Antón para o converter nun museo vinculado á propia fortaleza e á súa historia, derivando os fondos históricos e arqueolóxicos alí presentes a outros espazos máis axeitados.
3. Implementación dun plan específico para o Castro de Elviña: centro de interpretación e información; actuacións para a exhibición *in situ* do alí escavado e extraído.
4. Impulso dunha política de recoñecemento e valorización dos bens de interese cultural.
5. Promoción da declaración de bens de interese cultural de bens móbeis, inmóbeis e inmateriais de interese artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnográfico, científico ou técnico como o antigo Cárcere Provincial.
6. Sinatura de convenios con particulares que teñan bens de interese histórico-artístico e/ou cultural para fomentar o seu uso público, total ou parcial.
7. Instalación de institucións e servizos públicos en edificios de valor histórico e cultural.
8. Protección dos establecementos históricos comerciais ou de hostalaría na Coruña de arraigada tradición unida á cidade.



9. Creación da ruta urbana dos petróglifos e posta en valor do Camiño Inglés como nexos de unión coa comarca.
10. Creación dunha liña de autobús cun percorrido turístico co obxectivo de que sexa empregada non só polas persoas turistas, senón tamén para autoconñecermos a historia da cidade.

Lingua galega

1. Uso do galego en todas as accións municipais.
2. Dotación do Servizo de Normalización Lingüística (SNL) municipal con persoal estábel e partida orzamentaria suficiente.
3. Cumprimento do mandato do pleno para aprobar unha ordenanza de impulso do galego no Concello da Coruña.
4. Elaboración dun plano de normalización da lingua con previsión de medidas para a incorporación do galego aos distintos ámbitos sociais e da propia administración.
5. Creación dunha rede local de normalización lingüística que atenda á participación de diferentes colectivos interesados.
6. Apoio a entidades que procuren a normalización da nosa lingua.
7. Galeguización da sinalética dependente do Concello: nomenclátor urbano; rótulos e indicadores da totalidade das instalacións dependentes do Concello; vestuario do persoal dependente do Concello; rotulaxe do parque móbil municipal; toponimia da estación de autobuses; megafonía; rotulación urbana dependente do Concello; paneis, indicadores ou postes de información turística ou doutro tipo colocados polo Concello.
8. Garantía de que a lingua galega non apareza secundarizada en todas as rotulacións públicas, en calquera outro tipo de documentación ou de información que dependeren do Concello onde a lingua oficial do Estado se inclúa.
9. Emprego do galego en toda a documentación municipal tanto interna como facilitada ás veciñas e veciños ou a terceiros, así como en todos os



estabelecementos (bibliotecas, centros cívicos...) dependentes do Concello, sen ningunha marca de subordinación a calquera outra.

10. Esixencia de coñecementos de lingua galega nos procesos de selección de persoal.
11. Estabelecemento de medidas de apoio ao persoal municipal para o emprego do galego: formación especializada, dotación de ferramentas e aplicacións de apoio; o establecemento de modelos documentais; campañas informativo-sensibilizadoras do persoal municipal e da cidadanía que acode ás dependencias administrativas.
12. Inclusión de cláusulas lingüísticas nas concesións e contratacións públicas.
13. Implementación do galego como lingua de primeira oferta na páxina web municipal.
14. Implantación do logotipo do Concello da Coruña cunha única forma, que será a galega.
15. Recuperación e socialización da toponimia e microtoponimia existente no termo municipal aproveitando os estudos xa realizados a través da sinalética.
16. Mantemento da participación na Asociación de Entidades Locais pola Lingua: desenvolvemento dos programas Apego, Youtubeir@s, Club de Debate e todas aquelas que se decidan impulsar desde esta asociación.
17. Garantía, cando menos, o 50% da presenza do galego en toda a actividade das escolas infantís municipais e procurando a fórmula para garantir unha oferta mínima dunha liña íntegra na nosa lingua.
18. Posta en marcha de actividades para o desenvolvemento de habilidades orais dirixidas á poboación adulta mais tamén á moza.
19. Desenvolvemento de iniciativas de dinamización cultural e lingüística con entidades e institucións de países pertencentes ao tronco común do galego-portugués.
20. Reforzo da aprendizaxe lingüística en galego na programación das actividades extraescolares ofertada, en colaboración coa FANPA, nos centros educativos en horario vespertino.



21. Elaboración dun estudo sociolingüístico da infancia da Coruña, en colaboración coa RAG, para intervir na súa progresiva normalización.
22. Creación do Arquivo da Memoria Oral da Cidade.

Memoria democrática

1. Fomentar a investigación da historia do concello da Coruña como cidade galega universal.
2. Celebración do Día da Galiza Mártir, o 17 de agosto.
3. Celebración do 28 de xuño, data da aprobación do estatuto no plebiscito en 1936: valorización do importante paso cara ao autogoberno que significaba o Estatuto do 36 e do importantísimo papel que xogou o nacionalismo representado polo Partido Galeguista
4. Mudanza dos nomes das rúas Avenida Calvo Sotelo, Rúa Fogar Calvo Sotelo, Peirao de Calvo Sotelo, Peirao Almirante Vierna, Avenida de Salgado Torres, Avenida de Primo de Rivera, Diego Delicado Maraño, Cabo Ponte Anido, Praza José Toubes, Disciplina (antes Libertad), Salgado Somoza (antes Progreso), Del Palomar (antes JoséMartínez Fontenla), José Fariña Ferreiro, Praza Pintor Sotomayor, José Pérez-Ardá y López Valdivieso, José Crespo y López-Mora Eduardo Ozores Arraiz, Alfonso Molina Brandao, Sergio Peñamaría de Llano, Eduardo Sanjurjo de Carricarte, Demetrio Salorio Suárez, Jaime Hervada Fernández-España, José Manuel Liaño Flores.
5. Retirada dos retratos de golpistas, alcaldes que participaron na sublevación militar e fascista do 18 de xullo de 1936, xogaron un papel destacado na represión ou persoas que ocuparon cargos destacados na ditadura: Sisenando Martínez Yunta, Juan González-Regueral y Álvarez Arenas, Sergio Peñamaría de Llano, Eduardo Ozores Arraiz, José Pérez Ardá y López Valdivieso (ten dous retratos, segundo o inventario municipal), Eduardo Sanjurjo de Carricarte, Diego Delicado Maraño, José Calvo Sotelo, Miguel Primo de Rivera, Severiano Martínez Anido, Mario Muslera y Planes, Fernando Álvarez de Sotomayor y Zaragoza, José Crespo y



López-Mora, Alfonso Molina Brandao, Demetrio Salorio Suárez, Jaime Hervada Fernández-España e José Manuel Liaño Flores.

6. Retirada dos títulos de fillos adoptivos a Severiano Martínez-Anido (Pleno 19-7-1928), José Calvo Sotelo (Pleno 19-7-1928), Fernando Álvarez de Sotomayor y Zaragoza (Pleno 17-10-1945), Diego Delicado Marañón (Pleno 6-7-1949), Constantino Lobo Montero (Pleno 14-7-1953), José Manuel Pardo de Santayana (Pleno 20-10-1960), Manuel Fraga Iribarne (Pleno 24-12-1968), Luciano García Machiñena (Pleno 15-5-1972), Laureano López Rodó (Pleno 15-5-1972), Jaim Masaveu Masaveu (15-5-1972).
7. Retirada dos títulos de fillos predilectos a Mario Muslera Planes (Pleno novembro 1924), Severiano Martínez-Anido (Pleno 19-7-1928), José Calvo Sotelo (Pleno 19-7-1928), Alfonso Molina Brandao (Pleno 26-11-1958).
8. Retirada das medallas de ouro a José Calvo Sotelo (Pleno 19-7-1928), Severiano Martínez-Anido (Pleno 19-7-1928), Miguel Primo de Rivera Orbaneja (Pleno 9-8-1928), Alfonso Molina Brandao (a título póstumo, Pleno 26-11-1958), José Fariña Ferreño (Pleno 25-9-1962), Enrique Salgado Torres (Pleno 27-7-1963), Eduardo Sanjurjo de Carricarte (Pleno 15-2-1966).
9. Retirada da medalla ao mérito na categoría de ouro a Ramón Bermúdez de Castro y Pla (Pleno 9-12-1964), retirada da distinción de alcalde honorarios a Miguel Primo de Rivera Orbaneja (Pleno 9-8-1928), retirada da medalla de prata a José Fariña Ferreño (Pleno 6-6-1950)
10. Retirada dos seguintes símbolos de honra: o monólito ao alcalde José Pérez Ardá, situado fronte á piscina municipal de Riazor; o busto do alcalde Eduardo Sanjurjo de Carricarte, situado detrás do pazo municipal de María Pita; a placa na entrada do cárcere (20-9-1927) de gratitude a “los esclarecidos coruñeses adoptivos” José Calvo Sotelo e Mario Muslera y Planes, que “cooperaron eficazmente a la realización de esta obra”; as placas en edificios co símbolo do Instituto Nacional da Vivenda franquista; o monólito ao alcalde Alfonso Molina, situado na Porta Real; e o grupo de vivendas Pardo de Santayana en Labañou.



11. Propiciar a igualdade e que na inauguración das novas rúas haxa o mesmo número de homes que de mulleres.
12. Instancia aos seguintes centros educativos para a mudanza do seu nome e atender así a solicitude da Comisión Permanente do Consello Escolar do Estado de 5 de febreiro de 2008 e as resolucións do Parlamento galego: CEIP Salgado Torres, CEIP Sal Lence e CEIP Sanjurjo de Carricarte.
13. Colocación dunha placa no Pazo Municipal de María Pita, que lembre e honre todas as persoas que traballaban no Concello e que foron represaliadas despois da sublevación militar de 1936: o alcalde, Alfredo Suárez Ferrín, o secretario, Joaquín Martín Martínez, o xefe do negociado, Francisco Prego Campos, e ducias de funcionarios municipais.
14. Dentro dos diversos usos que poida ter o antigo cárcere, reserva dun espazo para a memoria vinculada coa propia historia do edificio e das persoas que estiveron alí, vítimas da ditadura franquista primeiro e logo aqueles insubmisos ao servizo militar obrigatorio.
15. Potenciación da Casa Museo Casares Quiroga como lugar da memoria republicana, cunha programación municipal de actividades.
16. Recoñecemento institucional ás persoas que foron vítimas da ditadura. Aprobación polo Pleno da corporación dunha declaración de condena do franquismo e do uso da violencia para conseguir o poder, tal e como recolle a Lei da memoria histórica.
17. Solicitude da reforma da Lei de amnistía de 1977 para que deixe de aplicarse como lei de punto e final dos crimes cometidos polo franquismo.
18. Continuación da participación do Concello da Coruña na Xunta Pro Devolución do Pazo de Meirás para o patrimonio público.
19. Recuperación para o público da Casa Cornide.
20. Elaboración dunha guía didáctica sobre os lugares da memoria que recolla a historia da represión franquista.



Benestar Social

Uns servizos públicos de benestar social para todos, potentes e de calidade, como medio de intervención pública para acabar con todo tipo de desigualdade, discriminación e exclusión (económica, social, xénero, idade, discapacidade, orixe, opción sexual...).

Ética e Benestar Social

1. Creación dun Comité de Ética de intervención social como órgano asesor interdisciplinar de carácter consultivo, con competencia en bioética, que reflexione e delibere na toma de decisións de cuestións valorativas.

Servizos Sociais Comunitarios

1. Avance até unha descentralización total dos Servizos Sociais Comunitarios, cando menos até o estado no que estaban en 2011. Atención de todas as demandas de entrevista, axustando os equipos de atención social ás áreas da cidade (equitativas en poboación), en intensidade de intervención e en número de profesionais dedicados ao traballo de cada área. Con independencia do lugar da cidade onde se viva, ter o mesmo acceso aos servizos sociais (en tempo, en diversidade de profesionais...).
2. Creación dunha carteira de prestacións e servizos sociais municipais, que permita que a emerxencia social e as bolsas de comedor sexan accesíbeis ás persoas que si as necesitan, eliminando aqueles criterios propios de subvencións que obstaculizan o seu uso e goce.
3. Definición dun catálogo de prestacións e servizos sociais municipais, coa regulación das condicións para o seu exercicio, tal e como exige a Lei de servizos sociais de Galiza.
4. Deseño e implantación dun sistema de indicadores sociais que permita realizar un seguimento dos niveis de benestar social e avaliar a efectividade das políticas locais, tal e como existen xa en entidades sociais.



5. Habilitación de enquisas, comprensíbeis ás persoas de calquera nivel sociocultural, sobre a satisfacción na atención aos Servizos Sociais Comunitarios.
6. Incremento do persoal de base (auxiliares administrativos, traballadoras e educadoras sociais) e estabilización deste.
7. Mantemento do Consello Local de Inclusión Social como órgano de participación, asesoramento e consulta.
8. Integración de forma efectiva dos servizos de titularidade municipal e os desenvolvidos polas entidades sociais sen fin de lucro do territorio.

Loita contra a pobreza e a exclusión

1. Elaboración, coa participación activa de todos os sectores e concellarías implicadas, dun “Plan integral de inclusión social do Concello da Coruña”, fundamentado nunha análise da realidade social sobre a que se vai a intervir.
2. Fomento do acceso ao mercado laboral das persoas excluídas ou en risco de exclusión social a través da formación para o emprego organizados polo Concello da Coruña que deberán estar pensados para incrementar os niveis de competencia e para a consecución de empregos e polo tanto orientados á demanda real.
3. Inclusión de oficio en todos os pregos de contratación administrativa de cláusulas sociais que prioricen as empresas licitadoras que fagan esforzos de responsabilidade legal e social contratando persoas en situación de exclusión social.
4. Apoio ás empresas de inclusión social: centros especiais de emprego ou outras formas empresariais formadas por colectivos en exclusión social.
5. Aumento do parque de vivendas municipais dirixido principalmente a colectivos en dificultades sociais ou vulnerábeis con rendas acordes cos ingresos das persoas demandantes.
6. Modificación da Ordenanza reguladora da Renda Social Municipal, cando menos nos seguintes termos:



- ✓ Eliminación da obrigatoriedade de conseguir unha vivenda independente: abrir a opción de compartir piso como maneira para facilitar o acceso á vivenda e tamén a integración social das persoas perceptoras da renda.
 - ✓ Revisión dos incumprimentos polos que se pode retirar a percepción da Renda Social Municipal xa que son iguais aos da Renda de Inserción Social de Galicia e polo tanto non supón unha medida complementaria senón semellante.
7. Modificación da Ordenanza de Emerxencia Social para:
- ✓ Facela compatíbel coa Renda Social Municipal
 - ✓ Limitala economicamente na súa totalidade máxima para percibir anualmente e eliminar o límite de meses en que se pode percibir, sobre todo no caso de axudas á subsistencia.
 - ✓ Que se poida solicitar aínda tendo algunha débeda con algunha administración e como única documentación o pasaporte.
8. Aumento do persoal dedicado á tramitación destas axudas para que se poidan reducir os tempos e aumentar a coordinación e integración do persoal cos Equipos de Atención Social dos barrios.
9. Modificación das baremacións de todas as axudas e bolsas sociais do Concello da Coruña para ter en conta a realidade das familias monomarentais/monoparentais. Dar resposta de vivenda a situacións de familias monomarentais/monoparentais en dificultade social que se encontran partillando piso con outras persoas.
10. Mantemento do criterio de non cortarlle a luz e a auga por impagamento dos recibos da vivenda que constituía a súa residencia habitual: aumento da coordinación con Emalcsa, porque malia ser unha empresa municipal, ás veces é complicado que sexa efectiva a comunicación entre servizos sociais municipais.
11. Acceso universal independentemente dos recursos económicos a todas as saídas ofrecidas polo Concello da Coruña aos centros educativos.



12. Procura de fórmulas para que as taxas de acceso ás instalacións deportivas, á formación musical, aos eventos culturais etc. non sexan privativas para adolescentes e nen@s con familias sen recursos. A solución será sinxela para estas persoas para evitar a súa estigmatización.

Migración

1. Creación e visibilización dos espazos sociais, culturais e lúdicos de relacións interculturais.
2. Reforzo do persoal do Concello para que teñan coñecemento das culturas minorizadas.
3. Reforzo da actividade e do persoal da Unidade de Atención ao Migrante (UAMI), nomeadamente para o acompañamento sanitario e acompañamento na axuda á busca de vivenda.
4. Reforzo das accións de acollida, guía de recursos e servizos nos idiomas da poboación inmigrada, desenvolvemento de instrumentos de acollida, cursos de lingua para promover a capacitación lingüística, coordinación da información e o asesoramento en temas legais, cursos de formación ocupacional, aulas de acollida, obradoiros de pais e nais.

Asentamentos precarios

1. Dado que o Plan de acceso ao hábitat digno para as persoas habitantes dos asentamentos precarios da cidade da Coruña xa está redactado, compromiso da súa posta en marcha, do seu financiamento e da dotación de persoal multidisciplinar para desenvolver este programa.
2. Fomento da implicación das distintas organizacións sociais especializadas nas diferentes áreas de intervención.
3. Sensibilización, mediante proxectos comunitarios, a toda a cidadanía na necesidade de resolver a problemática dos asentamentos precarios desde a igualdade, o respecto mutuo e a interculturalidade.



4. Implicar no traballo de inclusión social a outras Administracións, sinaladamente a Xunta de Galiza e aos concellos da comarca, con actuacións supramunicipais planificadas desde a coordinación e a colaboración de todas as administración e das propias persoas e colectivos implicados.
5. Promoción, coa colaboración doutras administracións, da habilitación dun espazo para almacenaxe de ferralla, de modo que se posibilite traballar nesta actividade as persoas que así o decidan.

Diversidade funcional

1. Aprobar un Plan de accesibilidade ao espazo público e aos edificios públicos municipais, desde o punto de vista das persoas con dificultades de mobilidade mais tamén desde o punto de vista sensorial, con programación de actuacións anuais, con especial atención a:
 - ✓ Pazo de María Pita
 - ✓ CEIP
 - ✓ Grandes recintos culturais dependentes do Concello da Coruña: Coliseum, Teatro Rosalía de Castro, Ágora e Fórum.
 - ✓ Espazo público (beirarrúas, transporte público, cruzamentos para peóns, eliminación da dobre fila etc.)
2. Aprobación dunha ordenanza de accesibilidade, xa traballada hai tempo polo Grupo de Accesibilidade Coruña.
3. Aumento das partidas en rehabilitación e en accesibilidade, dentro das subvencións, aumento do financiamento das obras de accesibilidade en edificios condicionado ao non aumento nos alugueiros, xa que moitas veces se repercuten as derramas para obras de accesibilidade que se afrontan desde os propietarios nas persoas alugadas.
4. Creación dun Servizo de Mediación Municipal en colaboración con tecido asociativo específico e formado. Este servizo, dunha banda, formaría o persoal municipal mais, doutra, por exemplo, actuaría en casos en que hai dificultades en comunidades de veciñas/os de chegar a acordos para realizaren obras de accesibilidade.



5. Elevación do 5 % ao 7 % a cota de reserva mínima nas oposicións ou noutras probas de acceso para persoas con discapacidade na Administración local, así como adoptar medidas de reserva específicas para persoas con discapacidade intelectual.
6. Cumprir rigorosamente a lexislación que obriga a que todas as páxinas de internet públicas sexan accesíbeis para persoas con discapacidade.
7. Integración e atención plena, con persoal especializado, de nenas e nenos con diversidade funcional en toda actividade organizada polo Concello da Coruña, particularmente nos campamentos e nas actividades de lecer dedicadas a favorecer a conciliación da familias e o goce das nenas e dos nenos.
8. Instalación de zonas de nivel tres nos parques infantís, adaptadas para nenas e nenos con diversidade funcional.
9. Axilización ao máximo da tarxeta de aparcamento para as persoas con mobilidade reducida.
10. Modificación da Ordenanza da ORA para que as persoas con mobilidade reducida poidan aparcarse en zonas de aparcamento restrinxido de balde.
11. Eliminación das barreiras arquitectónicas nos aparcamentos da cidade e adoptar as medidas necesarias para garantir a accesibilidade e mobilidade neles.
12. Compromiso de consultar toda obra pública co Grupo de Accesibilidade Coruña.

Dependencia e poboación maior

1. Reforzo do persoal dos servizos sociais municipais dedicado a valorar situacións de dependencia.
2. Incrementar progresivamente a cobertura do servizo de teleasistencia até a súa universalización ao final do mandato e ampliar a localización fóra do domicilio.
3. Dotación dun servizo de atención a persoas dependentes como a saída do domicilio e a axuda pola rúa.
4. Acondicionamento de espazos de relación intexeneracional en baixos baleiros nos barrios.



5. Pór á disposición da Xunta de Galiza os terreos necesarios para que constrúa unha residencia para persoas dependentes.
6. Exixencia da construción da residencia para a cal se cederon terreos recentemente.
7. Habilitación de programas de cohabitación para persoas maiores que vivan soas.
8. Desenvolvemento de recursos de respiro familiar.
9. Supresión do copagamento na axuda a domicilio.
10. Potenciar a oferta de actividades para as persoas maiores nos centros cívicos municipais e nas actividades programadas polo Servizo Municipal de Deportes para fomentar un avellentamento activo e saudábel.

Prevenición das adicións

1. Revisión constante do Programa Coruña Educa no eido específico da prevención das adicións en colaboración co tecido asociativo presente no Consello Local de Saúde.
2. Realización de campañas de impacto masivo para a prevención das adicións. Estas campañas consultaránse coas entidades sociais que traballan no ámbito das adicións.
3. Compromiso do investimento necesario nos locais municipais para que as entidades que realizan un labor de atención ás persoas con adicións poidan desenvolver o seu traballo nunhas instalacións axeitadas.
4. Sinatura dun convenio de colaboración entre a Policía Local e a Policía Nacional para inspeccionar e controlar a idade das persoas que acceden ás casas de apostas coa finalidade de que se cumpra a lexislación.
5. Compromiso da elevación das taxas de apertura de casas de apostas na cidade e regulación específica para que estas estean afastadas dos centros de ensino e a posibilidade de retirar a licenza de apertura se se detecta o acceso de menores a estas.



6. Prohibición de anuncios de casas de apostas en instalacións ou vehículos de servizos de transporte urbano da cidade da Coruña.
7. Apoio institucional ao congreso da Federación Estatal de Asociacións de Ludópatas Rehabilitados que terá lugar en setembro de 2019.
8. Compromiso de elevación da dotación do convenio con AGALURE até poñelo á altura doutras entidades en prevención doutras adicións.

Infancia

1. Ampliación e revisión das condicións de acceso aos servizos de infancia como recurso de conciliación para as familias. Incrementar as horas de atención en domicilios, xustificando por motivos de risco para as crianzas e en función de baremos económicos. Ampliar o Servizo de Canguraxe -con contratos que garantan un pagamento axeitado por hora ás súas traballadoras- e adaptar espazos específicos nos centros cívicos onde for posíbel.
2. Impulsar a creación de novas escolas infantís integradas na rede galega como servizo público de atención á infancia de idades comprendidas entre os cero e os tres anos.
3. Creación dunha bolsa de “prazas de emerxencia” nas escolas infantís públicas, fóra dos períodos ordinarios de solicitude, para as situacións de emerxencia sociofamiliar que poidan sobrevenir. Estas prazas serán xestionadas polo departamento municipal de educación.
4. Apoiar a atención educativa daquela poboación infantil e adolescente con baixo rendemento ou con risco de abandono escolar e garantir a equidade no proceso de escolarización e socialización (axudas para comedor, libros, transporte, actividades extraescolares...).
5. Incremento do número de bolsas para as actividades dirixidas para as crianzas (actividades socioculturais, campamentos de Nadal/Semana Santa/verán).
6. Ampliación dos comedores escolares dos centros de ensino e ampliación das bolsas comedor para incluír actividades de lecer e tempo libre. Eliminación dos criterios propios dunha subvención no acceso e goce das bolsas comedor.



7. Compromiso da resolución das bolsas comedor antes do comezo do curso escolar e redución da burocratización da solicitude.
8. Modificar as bases reguladoras para a concesión de bolsas de comedor: incrementarase a renda per cápita máxima para poder solicitar axuda e introducirase puntuación correctiva para valorar axeitadamente as familias monomarentais e monoparentais.
9. Colaborar e apoiar as entidades que traballan coa infancia e a adolescencia que teñen dificultades sociais.
10. Deseño da cidade desde a perspectiva dos nenos e das nenas: unha cidade segura e adaptada aos nenos e ás nenas non só fomentará a súa autonomía - fundamental no seu desenvolvemento- senón que será segura para todas as persoas que habitamos A Coruña.
11. Posta en marcha de camiños escolares en todos os centros de ensino da cidade, tal e como funcionan noutros concellos galegos, en colaboración co comercio local, as ANPA etc.
12. Programación cultural estábel destinada á infancia con actividade de balde para o acceso universal independentemente dos recursos das familias.
13. Aprobación dun novo Regulamento de Escolas Infantís Municipais, xa traballado no Consello Escolar Municipal.
14. Creación do Consello Local da Infancia.

Doenzas pouco frecuentes

1. Apoio das entidades de doenzas pouco frecuentes:
 - ✓ Programación de investimentos nos locais municipais, nomeadamente no Centro García Sabell, para dar solución definitiva ás necesidades de espazo das entidades dedicadas a doenzas pouco frecuentes e a outras entidades sociosanitarias. A reforma do edificio estará pensada coa accesibilidade máxima e a dotación de espazos axeitados para entidades sociosanitarias: espazos para a fisioterapia, terapias de grupo, salas multiusos, salas para exercicios físicos, gabinetes etc. O edificio haberá



de ter suficiente comunicación por transporte público e espazo próximo para aparcar, cun camiño cara ao edificio 100% accesíbel.

- ✓ Dotación anual de convenios suficientes para cubrir os servizos ofrecidos por estas entidades.
- 2. Promoción de actividades de coñecemento e sensibilización sobre a realidade destas doenzas en colaboración coas entidades de doentes e familiares.
- 3. Exixencia por parte do Concello da Coruña da equidade nos dereitos sociais básicos das persoas doentes e as súas familias: saúde, educación, emprego e vivenda.
- 4. Exixencia por parte do Concello da Coruña para que estas persoas poidan acadar a equidade nos tratamentos, terapias e medicamentos necesarios para a abordaxe da súa enfermidade.

Sanidade

1. Defensa do sistema e os servizos públicos sanitarios e, en consecuencia, exixencia do Concello da Coruña diante da administración competente dunha dotación suficiente de recursos para que a cidadanía coruñesa reciba unha atención sanitaria de calidade.
2. Exixencia, nomeadamente, da cobertura das prazas de xinecoloxía no COF de Orillamar e mais no do Ventorrillo debido a que se trata de centros creados en colaboración co Concello da Coruña.
3. Pór en marcha programas de promoción de saúde transversais que xeren calidade de vida e aumenten os anos de vida saudábeis que atendan á:
 - ✓ Conciliación de nais e pais, con espazo de atención á infancia nos espazos deportivos municipais e horas de canguraxe que se poidan solicitar para atender as nenas e os nenos mentres se practica deporte.
 - ✓ Inclusión na programación de actividade deportiva municipal de deporte en familia.
 - ✓ Reserva de porcentaxes de prazas en actividades deportivas municipais para persoas con diversidade funcional.



- ✓ Promoción dun urbanismo que promova os desprazamentos peonís accesíbeis na cidade.
 - ✓ Dotación de espazos na rúa para a práctica deportiva de mozas e mozos pois hoxe en día os parques unicamente están pensados para nenas e nenos de até nove ou dez anos.
 - ✓ Promoción dos mercados municipais como lugares para a compra de produtos.
4. Mantemento do Consello Municipal de Saúde como órgano estrutural de participación cidadá: reforzarse o traballo na continua análise da actuación do Concello da Coruña en materia de educación e concienciación sobre a propia saúde.
 5. Reformulación do programa Educa Saúde para o aumento das horas das sesións de Educación Afectivo-Sexual, Médica e tamén de Prevención nos centros educativos da cidade.
 6. Descentralización das charlas informativas do COF nos centros cívicos e entidades sociais que xustificadamente o precisen ou demanden.
 7. Promoción de actividades de investigación de saúde comunitaria en colaboración coa Universidade da Coruña e co Instituto de Investigación Biomédica da Coruña (INIBIC).
 8. Proposta de inclusión da construción dun espazo para a investigación do INIBIC e espazo residencial para investigadoras/es nos espazos portuarios desafectados co traslado de actividades ao Porto Exterior.

Cooperación e solidariedade

1. Apoio das actividades de sensibilización que as organizacións non gobernamentais desenvolven na nosa cidade.
2. Creación dun foro de entidades de cooperación ao desenvolvemento e de solidariedade internacional.
3. Fomento da compra pública ética no Concello baseada en criterios sociais e ambientais de consumo responsábel.



4. Dedicación dun 0,2 % dos orzamentos anuais do concello a cooperación, que se destinarán nunha parte ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para a recuperación da convocatoria aberta en concorrencia competitiva para a posta en marcha de proxectos de cooperación e de educación para o desenvolvemento.
5. Apoio das iniciativas de comercio xusto vencelladas a novos modelos de consumo responsábel.

Voluntariado

1. Oferta dun plano de formación do voluntariado da cidade da Coruña segundo as necesidades formativas detectadas.
2. Elaboración dunha carteira de voluntariado accesíbel na web municipal para facilitar o acceso a este de todas as coruñesas e coruñeses e información ao persoal do Concello desta carteira para que a poidan transmitir á cidadanía que a demande.
3. Promoción de campañas de fomento e sensibilización do voluntariado de xeito continuado e dirixido a toda a poboación: difusión e transmisión dos valores do voluntariado.
4. Dar a coñecer a experiencia do voluntariado nos centros educativos e apoiar os proxectos de aprendizaxe e servizo.
5. Procura da sinatura dun convenio coa Consellaría de Educación para mellorar a valoración dentro das cualificacións das e dos rapaces de ensino medio pola realización de labores de voluntariado en diferentes asociacións da cidade en función da materia en que se queira mellorar.
6. Apoio con recursos ás entidades de acción voluntaria da cidade.
7. Recuperar o encontro anual de entidades de acción voluntaria Espazo Solidario.



Mocidade con poder de **decidir**

A participación da mocidade na vida política é imprescindible para dar saída ás súas necesidades e transformar a sociedade. Activar o asociacionismo de mozas e mozas é un dos eixos da proposta do Bloque Nacionalista Galego co obxectivo de fomentarmos puntos de encontro e espazos de autoxestión.

O futuro goberno municipal debe recuperar a iniciativa no Centro Municipal de Información Xuvenil, dotalo de recursos e persoal, e dirixir desde o público as políticas públicas de mocidade.

O BNG aposta por darlle voz e capacidade de decisión á mocidade na elaboración das políticas xuvenís, pola xeración de redes de participación, porque mozas e mozos son suxeitos fundamentais no cambio político.

1. Creación dun foro de debate xuvenil permanente e convocatoria dunha asemblea de mocidade coa presenza de representantes da Concellaría de Mocidade, onde poderá participar toda veciñanza da Coruña menor de 30 anos.
2. Promover e apoiar o asociacionismo (formal e non formal), co compromiso de respectar os espazos baleiros e/ou ruinosos autoxestionados pola mocidade, como xermolo de contracultura.
3. Apoiar un marco autoxestionado no ámbito local para a mocidade: locais, recursos compartidos, apoio loxístico, material e económico. Creación de espazos xuvenís xestionados pola propia mocidade.
4. Impulso do Centro Municipal de Información Xuvenil desde o compromiso de recuperar a dirección pública das políticas que desenvolve o centro. Precisar no novo prego de contratación o aumento de persoal e recursos necesarios (singularmente na mellora dos recursos en Internet), así como todas as responsabilidades de xestión do centro.
5. Ampliar a carteira do centro cun servizo de información, orientación e asesoramento laboral. Reforzar o servizo de vivenda en cooperación con EMVSA, e a difusión dos programas europeos para a mocidade e fomentar o seu uso.



6. Coordinar e levar adiante iniciativas de prevención do machismo e para a superación das diferenzas de xénero, así como accións integradoras que faciliten a convivencia e a interculturalidade.
7. Crear un Observatorio da Mocidade que forneza de coñecementos obxectivos sobre a realidade xuvenil, singularmente en aspectos como o acceso á vivenda e ao emprego.
8. Facer unha reserva de vivenda en alugueiro para as persoas menores de 30 anos como parte do programa do Banco de Vivendas en EMVSA.
9. Elaborar un plan de emprego específico para a mocidade, que contemple programas de formación e sensibilidade en dereitos laborais, e incluír de oficio nos pregos de contratación administrativa cláusulas que prioricen as empresas licitadoras que contraten mozas e mozos menores de 30 anos.
10. Estabelecer un bono-bus estudantil para alumnado de secundaria, FP e universitario. Mellorar o servizo de bus nocturno (Bufo) aumentando as frecuencias e os días nos que opera.
11. Retomar a iniciativa de antenas xuvenís coa bolsa económica.
12. Crear un espazo web coa carteira de voluntariado, que recompile todas as demandas das entidades que procuran voluntarias e voluntarios.
13. Acceso de balde para mozas e mozos menores de 30 anos ás actividades e infraestruturas culturais, científicas ou deportivas organizadas ou xestionadas polo Concello. Estabelecer un prezo-xuvenil de entrada a museos, teatros, festivais e demais actos culturais de promoción municipal.
14. Habilitar salas de ensaio e espazos de creación artística destinados á mocidade en edificios e locais municipais.



Educación

1. Elaboración dun Plan de Mellora da rede educativa no Concello da Coruña, dialogado con todas as partes integrantes da comunidade educativa.
2. Defensa do sistema e dos servizos públicos educativos e, en consecuencia, existencia do Concello da Coruña diante da administración competente dunha dotación suficiente de recursos para que a cidadanía coruñesa reciba unha atención educativa de calidade.
3. Planificación de investimentos para as escolas infantís municipais e ampliación nas escolas infantís nas que for posíbel, garantindo, en todo caso, o mantemento da infraestrutura.
4. Ampliación da oferta educativa de escolas infantís públicas de 0-3 anos e negociación coa Xunta de Galiza para deseñar unha rede única de carácter público, co obxectivo de equiparar a oferta educativa e atender a forte demanda neste tramo educativo.
5. Garantir, cando menos, o 50% da presenza do galego en toda a actividade das escolas infantís municipais e procurarse a fórmula para garantir unha oferta mínima dunha liña íntegra na nosa lingua.
6. Gratuidade das visitas e excursións que lles oferte o Concello da Coruña aos centros de ensino da cidade así como o transporte preciso para as ditas actividades.
7. Planificación de investimentos para os CEIP, nomeadamente no que ten a ver coa accesibilidade, coa cobertura de patios e coa ampliación dos comedores escolares, xa que se está dando o paradoxo de que cada vez hai máis nenas e nenos con bolsa comedor sen que a capacidade dos comedores sexa suficiente.
8. Apertura dos centros fóra do horario escolar para que as veciñas e os veciños usen as instalacións.
9. Na planificación e nas intervencións urbanísticas e de mobilidade urbana do Concello, teranse en conta espazos para roteiros escolares que garantan, na



medida do posíbel, o acceso do alumnado aos centros de ensino a pé.

10. Negociación do aumento da oferta educativa e asistencial para persoas con diversidade funcional.
11. Impulso da diversificación educativa da Escola Municipal de Música, ampliación da súa visibilidade social coa programación de concursos, certames e mostras, negociación dentro do Consorcio para a Promoción da Música da rebaixa dos prezos públicos.
12. Reformulación do Programa Coruña de Aventura. Creación de novas rutas, deseño e publicación de unidades didácticas en rede para todas as rutas, agrupadas baixo eixos temáticos (A Coruña romana, A Coruña medieval, A Coruña industrial, etc). Sería importante que as rutas fosen desenvolvidas por persoal especializado e que se poidan ofertar a centros de fóra do Concello.
13. Ampliación dos intercambios do Eixo Atlántico dentro do Programa A Coruña de Aventura aos cursos da ESO e bacharelato. Creación dun Observatorio da Igualdade escolar, que realice un diagnóstico da situación da igualdade entre a poboación en idade escolar, impulse a elaboración de plans de igualdade nos centros de ensino e a impartición de materias relacionadas coa igualdade.
14. Creación de programas de acompañamento a menores sancionadas/os con expulsións temporais ou definitivas en centros de ensino.
15. Ampliación das bolsas JuniorYear a estados lusófonos.
16. Creación dunha Rede E-Twinning entre os centros de ensino da cidade para promover e facilitar a xestión dos intercambios con outros centros de ensino da Unión Europea.



Medio e Ecoloxía

Auga

1. Elaborar un plan da auga metropolitano con medidas de aforro e racionalización dos recursos hídricos.
2. Saneamento integral do concello, o que implicará pór en marcha as seguintes medidas:
 - Completar as redes de sumidoiros con separación de augas pluviais e fecais.
 - Dispor medidas de recomendación construtiva de vivendas e urbanizacións para o aforro no uso das augas potábeis, de reutilización das augas, permitindo a absorción hídrica natural dos solos e a redución das augas residuais.
 - Realizar as obras precisas para o funcionamento axeitado da Edar de Bens.
 - Abordar, sempre que for viábel, tratamentos que tendan á reutilización da auga para usos produtivos.

Reducir, reutilizar e reciclar

1. Estudo da remunicipalización da Planta de Tratamento de Residuos Sólidos Urbanos de Nostián para convertela nunha verdadeira planta de reciclaxe e compostaxe, cunha verdadeira transparencia a respecto da cantidade de residuos que alí se deposita e adoptar as medidas necesarias para que na planta a fracción orgánica sirva para a obtención de compost de calidade.
2. Fomento da compostaxe doméstica nomeadamente en ámbitos de asentamentos dispersos e alí onde hai vivendas con horta ou xardín, así como a compostaxe comunitaria en espazos públicos urbanos.
3. Apoio das iniciativas do terceiro sector e de cooperativas baseadas na recollida e na reciclaxe.



4. Garantía dunha frecuente recollida do cartón e do vidro para evitar a acumulación excesiva e as imaxes de colectores rebordados que desincentivan a reciclaxe.
5. Realización de campañas masivas para a información de como debe de separarse en orixe os residuos sólidos urbanos e dos puntos onde se deben depositar outros residuos.
3. Realización de campañas masivas para a información sobre materiais domésticos alternativos ao uso de plásticos dun só uso: palliñas, envoltorios, bolsas etc. E estudo da posibilidade de distribución destes.
4. Introducción do uso de envases reutilizábeis nos mercados municipais.

Loita contra a contaminación

1. Realizar as xestións oportunas coas administracións correspondentes para solucionar os puntos de verteduras que inventariou e definiu a Confraría de Pescadores da Coruña.
2. Vixilancia e control das emisións contaminantes na zona portuaria, rematar de vez coas descargas indiscriminadas de carbón e outros graneis.
3. Regulación e, no seu caso, xestionar medidas de supresión ou minoración dos impactos paisaxísticos e dos riscos para a saúde: liñas de alta tensión, localización dos centros de distribución, soterrado das liñas de media tensión en núcleos de poboación e de baixa tensión que afecten a conxuntos histórico-artísticos e monumentos.
4. Control da contaminación lumínica, segundo criterios luminotécnicos ou de eficiencia enerxética e ambientais, producida polos sistemas de iluminación exterior e desenvolvemento dun plan de revisión do sistema de iluminación pública segundo criterios técnicos e ambientais.
5. Control da contaminación electromagnética, desenvolver campañas para minimizar a exposición a este tipo de contaminación e promoción de redes, tecnoloxías e técnicas biocompatíbeis e sustentábeis.



6. Estabelecer convenios para instalar aeroxeradores de ciclo vertical ou instalacións térmicas ou fotovoltaicas nos edificios públicos municipais, e convertelos en referencia para a cidadanía das boas prácticas ambientais.
7. Fomentar entre a poboación as enerxías limpas e alternativas facilitando o asesoramento técnico ou/e a xestión de subvencións, incentivos fiscais.

Espazo urbano verde

1. Dotación daqueles espazos urbanos degradados de novos usos para a comunidade, entre outros, o de hortas urbanas comunitarias.
2. Posta en valor e uso as terras que non se traballan, dirixíndose aos propietarios de fincas que non se traballan para que se poidan ceder temporalmente e de xeito gratuíto para hortas urbanas.
3. Deseño de planos de mellora das infraestruturas e do medio nas zonas máis afectadas polo medre da urbanización, para evitar a desintegración dos núcleos de poboación tradicionais e ordenar axeitadamente os novos.
4. Catalogación do patrimonio ambiental con medidas para a súa preservación e vixilancia, a restauración e a valorización ambiental, social e económica.
5. Compromiso de continuidade cos plans de conservación dos Espazos Naturais de Interese Local das Illas de San Pedro e da Torre de Hércules.
6. Catalogación dos roteiros xa existentes, establecer e deseñar novos percorridos. Fomentar a conservación e o emprego dos camiños antigos.
7. Avanzar na execución da recuperación integral da Ría do Burgo.
8. Conservar as especies arbóreas autóctonas nos principais parques, ademais de potencialas e plantar novas.

Consumo consciente e responsábel

1. Realizar actividades divulgativas e formativas a respecto do consumo consciente, xusto e responsábel.



2. Fomentar un consumo responsábel tendente á redución do lixo, apoiando as redes de consumo responsábel e a produción local e de temporada.
3. Estabelecemento de dinámicas de aprendizaxe da contorna rural desde unha perspectiva urbana co fin de fomentar as relacións rurais-urbanas e defender o medio rural e os seus habitantes.
4. Creación do selo de calidade que identifique os establecementos que sigan as pautas do movemento de *slowfood* e *zerowast*, cara ao seu fomento e a súa contribución no aumento da calidade de vida sustentábel.
5. Declaración da Coruña como concello libre de transxénicos.
6. Favorecemento da realización de mercados de troco.

Atención aos animais

1. Supresión de calquera apoio, soporte ou patrocinio do Concello da Coruña á realización de espectáculos con animais, como as touradas ou os circos.
2. Transporte público que permita a entrada de animais para o impulsar como xeito de desprazamento aberto, sustentábel e inclusivo.
3. Aposta polo modelo de sacrificio cero na canceira municipal e revisión profunda da concesión para avaliar as posibilidades de municipalizar ou adxudicar o servizo a partir de criterios non lucrativos ou empresariais.
4. Impulso dunha estratexia de concienciación mediante campañas e iniciativas para fomentar o respecto, a protección e o benestar dos animais, e promoción da adopción no canil municipal.
5. Creación do Consello Municipal de Convivencia e Protección Animal como organismo de participación cidadá e sectores implicados, e como promotor da avaliación e proposición de políticas e servizos municipais de protección e benestar animal.
6. Implantación dun modelo de xestión ético das colonias felinas que inclúa a súa esterilización, control veterinario e alimentación en corresponsabilidade coas ONG, fomentando a participación da veciñanza.



7. Loita contra o comercio ilegal de animais e a súa publicidade en cumprimento da normativa local e procurando a cooperación da administración autonómica.
8. Estabelecemento de horarios e zonas de lecer para animais domésticos en espazos verdes e praias da cidade con criterios de convivencia veciñal.
9. Alimentación dos animais de xeito controlado mediante persoal autorizado. A implantación do cartón do alimentador permitirá o control e a supervivencia das colonias de animais da cidade a través de persoal experto de protectoras de animais, así como mellorar a relación coa contorna, a veciñanza e o respecto aos seres vivos.
10. Campañas e iniciativas para fomentar o coidado responsábel dos animais mediante boas prácticas que garantan a convivencia entre a veciñanza.





Actividade física e Deporte

O BNG entende o “Deporte” no seu sentido amplo, como un conxunto de actividades físicas, deportivas e recreativas orientadas a favorecer a integración e a calidade de vida das persoas, incluíndo a toda a comunidade, sen discriminación de idade, sexo, condición física, social, cultural, étnica ou racial, máis tamén como un medio esencial que garante calidade de vida e aumente os anos de vida saudábeis.

Para conseguir que o deporte chegue a todas as idades e colectivos, é preciso ofrecer programas adaptados, que perduraren no tempo e que se organizaren de forma interdisciplinar desde as distintas concellarías, sinaladamente aquelas con competencias en servizos sociais, mulleres, educación e deportes.

Tendo en conta a realidade actual de práctica na nosa cidade, será fundamental elaborarmos estratexias dirixidas ás mulleres, xa que elas sofren as consecuencias dun sistema deportivo organizado desde unha visión androcéntrica que dificulta a súa participación.

Para logramos estes obxectivos, será fundamental colaborarmos co movemento asociativo veciñal, educativo, feminista, deportivo e de colectivos que traballan en temas relacionados coa saúde, a mobilidade, as necesidades educativas especiais, alén de institucións públicas como as educativas e as universitarias.

Na institución:

1. Constitución do Consello Municipal de Deportes como organismo asesor e promotor da actividade deportiva na Coruña, onde participen as entidades deportivas locais. Repararase na necesidade de interrelacionar ética e deporte, ademais de actuar como medio institucional para atender ás denuncias ou queixas por violencia no deporte.
2. Creación no Consello Municipal de Deportes un observatorio da violencia no deporte, que permita tanto recoller denuncias e queixas como elaborar estratexias para previla e traballar a prol da ética no deporte, incluíndo a elaboración dun plan municipal de ética e deporte para a prevención das diferentes formas de violencia.



3. Xestión directa das infraestruturas e das programacións relacionadas co deporte. Este tipo de xestión permitirá fixar uns obxectivos acordes coa filosofía do deporte como medio de benestar da cidadanía e ao mesmo tempo avaliar os resultados dos programas que se desenvolvan.
4. Incluír dentro da formación permanente das técnicas e técnicos do concello (servizos sociais, educación, deportes, etc.) cursos sobre deporte e perspectiva de xénero e deporte social.
5. Creación dun museo da memoria do deporte galego que permita amosarlle á cidadanía tanto a orixe do deporte na Coruña como as prácticas propias.

Como promoción desde o Concello:

1. Promoción de iniciativas que visibilicen o deporte feminino, os deportes minorizados e as accións positivas do deporte social.
2. Promoción da participación de todas as persoas no programa xeral, normalizando a presenza de persoas con necesidades especiais e crear programas específicos para diferentes colectivos.
3. Promoción nos centros de atención primaria programas de actividade física e saúde no tratamento das doenzas que o precisen en colaboración co Concello da Coruña.
4. Colaboración coas ANPA e clubs da cidade na programación do deporte dirixido á infancia, desde unha perspectiva da educación en valores.
5. Promoción da actividade física nos centros cívicos, permitindo que o deporte actúe como un medio de mellora do benestar social daqueles colectivos que máis o precisan.
6. Fomento da práctica de actividades físicas en espazos non convencionais, con asesoramento de persoal cualificado.
7. Apoio ao desenvolvemento dos deportes e das prácticas propias de Galiza, con fundamental fincapé nas actividades relacionadas co mar.



8. Facilitación a práctica das cidadás e cidadáns a través de estratexias que xeren hábitos saudábeis sen custo económico, como quedadas para correr ou camiñar.
9. Creación unha páxina web que facilite información sobre práctica física e calidade de vida.

Infraestruturas:

1. Realizar as xestións oportunas diante das administracións correspondentes para abrir as instalacións deportivas dos CEIP e os IES fóra do horario lectivo para a actividade deportiva dos barrios e a veciñanza en xeral.
2. Rehabilitación e modernización das instalacións deportivas, racionalización do consumo enerxético e eliminación das barreiras arquitectónicas que existiren.
3. Fomento da creación de espazos no medio natural da cidade que permitan a práctica física con seguridade, como sinalizar camiños tradicionais que permitan a práctica de sendeirismo, ciclismo, carreira, etc.
4. Apoio dos medios de transporte urbano, que permitan unha mobilidade máis saudábel para toda a poboación.



Igualdade

A crise económica e social que estamos a vivir e a falta de alternativas xustas e sociais dende os gobernos do estado, de Galiza e local, golpea as mulleres de maneira especial. A feminización da pobreza é xa un feito na nosa sociedade e fai desaparecer avances acadados en decenios de esforzos de acción positivas. O desemprego feminino medra por riba do masculino así como o número de mulleres inactivas que desisten de buscar emprego, o recorte nas pensións afectaralles máis negativamente ás mulleres cunha media de menos anos de cotización e por seren maioría como perceptoras de pensións non contributivas, os recortes de servizos sociais e de atención á dependencia forzan máis mulleres a asumiren de novo o papel de coidadoras non retribuídas.

Todos estes son pasos atrás na procura da independencia económica que poden impedir rachar situacións de convivencia de parella violentas. As administracións públicas deben afrontar, desde as súas competencias e no seu papel redistributivo, este deterioro das condicións de vida das mulleres. Cómpre máis que nunca pularmos novamente polas políticas de igualdade como políticas de xustiza social.

Non hai que deixar de traballar nos aspectos simbólicos da igualdade entre mulleres e homes, como a visibilización das mulleres na cultura, no deporte, na ciencia e a súa presenza nos espazos públicos da cidade. Debemos continuar co traballo educativo realizado, colaborarmos na creación dunha cultura non sexista entre a mocidade e promovermos os bos tratos e a corresponsabilidade desde a infancia. Tamén deberán reforzarse os aspectos económico-sociais das políticas de igualdade do Concello da Coruña polas situacións de emerxencia que está a provocar a crise económica a través tanto de actuacións específicas dirixidas ás mulleres como da incorporación da perspectiva de xénero en actuacións de carácter xeral.

Cómpre tamén denunciarmos os recortes na atención e protección da saúde sexual e reprodutiva das mulleres e que afectan aos Centros de Orientación Familiar (COF) de Monte Alto e do Ventorrillo.



Actuacións transversais

1. Facer un estudo sobre o uso do tempo e do espazo na cidade en colaboración con sectores afectados (pequeno comercio, servizos administrativos, transporte...) para traballarmos nun uso eficiente dos horarios de apertura ao público así como nun uso igualitario dos espazos públicos da cidade.
2. Incorporar nos orzamentos de 2020 un informe completo de impacto de xénero no camiño de rematar o mandato con orzamentos de xénero que incorporen esta visión a todas as medidas dirixidas á cidadanía da Coruña.
3. Anexar un informe de impacto de xénero naquelas ordenanzas que afecten directamente as persoas.
4. Introducir no proxecto educativo da rede de escolas infantís a perspectiva de xénero como prioridade, para traballarmos en prol da eliminación dos estereotipos de xénero coas familias e desde as primeiras idades.

Violencia de xénero

1. Reforzar os sistemas de prevención e detección precoz. Mellorar o acceso á información sobre os recursos en espazos públicos como bibliotecas, mercados ou centros sanitarios e educativos.
2. Reforzar a formación do persoal do Concello que atende ao público para a información e a detección precoz como garantía dun acceso eficaz e rápido aos recursos que as distintas entidades e as administracións proporcionan ás vítimas de violencia de xénero.
3. Crear un grupo estábel de coordinación de recursos coa colaboración das administracións actuantes no territorio (estatal, galega e local) que faga un seguimento das incidencias ou das melloras que se deban incorporar en protocolos e recursos de atención ás vítimas de violencia de xénero.
4. Promover a creación dunha rede social de apoio ás vítimas de violencia de xénero que colabore a través do voluntariado no acompañamento non



profesional e na visualización pública do rexeitamento social da violencia de xénero.

5. Coidar toda a cartalaría e imaxes que difunda o Concello, reparando en que sexan imaxes respectuosas e que non invisibilicen as mulleres. Exixirase ás entidades que reciban axudas que tamén empreguen a paridade ou as accións positivas nas imaxes e nos textos.

Acceso ao emprego e representación

1. Promover a autoorganización das mulleres e a súa participación social a través da creación do Consello Municipal das Mulleres con presenza de asociacións femininas e vogalías da muller.
2. A paridade será fundamental no establecemento de nomes para as novas rúas, que se distribuirán equitativamente entre mulleres e homes.
3. Impulsar un programa específico de emprego feminino considerando as competencias municipais que contará con:
 - Incorporar cláusulas de acción positiva no acceso ao emprego público.
 - Información específica de emprego para mulleres que o están a buscar.
 - Información específica para empresas sobre os beneficios pola contratación de mulleres.
 - Incentivos á concesión de microcréditos e outras actuacións de financiamento de iniciativas empresariais lideradas por mulleres
 - Promoción e colaboración na posta en marcha dos plans de igualdade nas empresas da cidade.
 - Actuacións concretas de promoción da contratación de mulleres.
4. Programas de capacitación das mulleres en actividades tradicionalmente masculinas ou ás que elas teñen menos acceso e programas de capacitación para os homes en actividades tradicionalmente femininas.



Corresponsabilidade e conciliación

1. Reforzar o servizo de canguraxe municipal.
2. Reforzar as medidas de conciliación en colaboración con outros axentes (escolas, empresas, sindicatos...) e nomeadamente acompañando actuacións de busca activa de emprego.
3. Crear un premio de boas prácticas de conciliación para pequenas e medianas empresas do concello.

Mocidade

1. Potenciar a inserción laboral das mozas eliminando as barreiras e estereotipos sobre a división sexual do traballo a través da oferta de cursos destinados a mulleres sobre profesións masculinizadas.
2. Incentivar a práctica deportiva das mozas a través de diferentes estratexias en colaboración coa Concellaría de Deportes.
3. Fomentar actividades onde as mozas sexan suxeitas activas de creación cultural.
4. Levar a cabo iniciativas e obradoiros, nomeadamente nos institutos, de prevención do machismo e de superación e deconstrución das diferenzas de xénero.

LGTBQi

1. Reforzo das actividades de concienciación na liberdade afectivo-sexual dentro de todos os programas educativos do Concello incluíndo a perspectiva LGTBQi,
2. Reforzar o coñecemento e a formación do persoal do Concello sobre a comunidade LGTBQi para unha atención desde a súa diversidade garantindo, así, a súa igualdade.



3. Recuperar o servizo de información, orientación e apoio ao colectivo LGTBQI.
4. Apoio aos eventos que os colectivos LGTBQI desenvolvan na cidade.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

#ConIdeasClaras
#UnCambioEnSerio



Convivencia: respecto e prevención

As políticas de convivencia e seguridade cidadá deben desenvolverse a partir dos valores de respecto, tolerancia, solidariedade, confianza mutua e inclusión. Temos, pois, que atender especificamente os problemas de convivencia nos lugares ou circunstancias de maior conflitividade e contar coa colaboración do tecido asociativo da cidade.

É intención do BNG pularmos para que se establezan protocolos de actuación que se encamiñen a garantir o respecto dos dereitos e das liberdades públicas de todas as persoas e erradicar calquera forma de discriminación de minorías étnicas, relixiosas ou de calquera outra índole.

No BNG comprometémonos a garantir a xestión pública da seguridade cidadá e mellorarmos a prevención como forma de gañar eficacia no servizo de protección civil.

1. Impulso dun modelo de policía comunitaria -axentes que traballan adscritos a unha determinada zona- baseado nos principios de traballo coa comunidade, rendición periódica de contas e enfocada á resolución de problemas en colaboración cos servizos sociais.
2. Transformación da Xunta Local de Seguridade en Xunta Local de Convivencia, na que estean representados a institución municipal, as axencias policiais e o conxunto do tecido asociativo da cidade implicado en cuestións de convivencia.
3. Elaborar un plan xeral de seguridade e plans sectoriais. Este plan incluírá a eliminación de materiais antidisturbios na dotación da policía local. O plan abrirase ao resto de concellos da comarca para a planificación dunha rede metropolitana de seguridade.
4. Establecemento de programas de formación continua da policía e dun mecanismo de rendemento de contas periódico por parte dos mandos policiais e do persoal directivo adscrito á área de seguridade cidadá.
5. Creación de unidades de mediación para a resolución de conflitos menores.



6. Potenciación das unidades municipais de atención ante a violencia de xénero. Incrementar a atención á manifestación de feitos de racismo, xenofobia e homofobia na cidade.
7. Creación dun órgano encargado de atender as queixas e recoller as propostas que a cidadanía realice en materia de convivencia. Estabelecer mecanismos de avaliación dos resultados de atención a esas suxestións.
8. Derrogación dos aspectos da Ordenanza de limpeza que limitan a liberdade de expresión e criminalizan a pobreza.

Protección civil

1. Redactar e pór en funcionamento un plan de prevención de riscos comúns.
2. Identificar os posíbeis riscos estruturais, redactar e pór en funcionamento os conseguíntes planos de evacuación diante de accidentes naturais ou humanos, singularmente na refinaría, as súas canalizacións ou na contorna marítima.
3. Definir un mapa de emerxencias comarcal en colaboración coas outras administracións cara a conseguínte implantación estratéxica dos recursos humanos e materiais e así reducir os tempos de atención.
4. Pór en común e mellorar a coordinación entre os diferentes servizos dependentes de distintas administracións: bombeiros, Policía Nacional, Garda Civil e Protección Civil.



Anexo: barrios

Cidade modelo, barrios modelo

Se queremos que A Coruña sexa unha cidade modelo, tamén queremos que os nosos barrios sexan barrios modelo.

Nós formulamos actuacións claves en cada barrio alén daquelas demandas comúns a todos eles, e que, despois das múltiples visitas que realizamos, foron trasladándonos a veciñanza e as entidades de cada barrio.

A mobilidade neste aspecto é chave: hai que levar a cabo a demandada unanimemente reordenación das liñas do bus urbano: conectarmos os barrios cos centros sanitarios; que non haxa ningún barrio que non teña unha liña que achegue á súa veciñanza ao CHUAC e ao Materno; e facilitarmos transbordos máis sinxelos e efectivos ao Hospital Abente e Lago, ao centro de especialidades do Ventorrillo ou ao PAC da Casa do Mar.

Tamén é necesario que os barrios estean conectados cos polígonos industriais, coa Agrela e Pocomaco, e con zonas que son polo de atracción (centros de traballo, campus universitarios ou centros de ensino diferenciados). E que a primeira hora da mañá e a última da noite haxa liñas que lle permitan á xente ir e regresar destes centros de traballo ou de estudos ampliando os horarios nesas quendas da ruta.

Outra actuación común en moitos barrios, e que calquera Goberno municipal debe atender, é a situación a respecto de solares degradados ou en situación de abandono que existen en case todos eles. Xulgamos necesario elaborar un censo de edificios e solares abandonados co obxecto de obrigar ao seu mantemento, limpeza e conservación para evitar que se convertan en focos de infección. Neste sentido, facilitarase, a través da oficina de mediación que se creará no servizo de urbanismo (véxase este apartado do programa), chegar a acordos cos propietarios para o seu aproveitamento habilitando espazos de lecer, ou mesmo zonas onde situar aparcamentos provisionais para desconxestionar a situación do estacionamento das rúas e prazas.

Ao mesmo tempo, unha cidade modelo debe ser unha cidade accesíbel en todo os seus espazos. Antes do remate do mandato 2019-2023 en toda A Coruña debe



estar aplicado o Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, sobre a accesibilidade e da Lei 10/2014, de 3 de decembro de accesibilidade de Galiza. O 40 % das persoas temos algún problema de accesibilidade, e todas e todos, nalgún momento da nosa vida, teremos un problema de accesibilidade. Por tanto, todo o espazo urbano en todos os barrios debe permitirlles un acceso universal ás persoas.

Tamén, dotármonos os barrios das infraestruturas necesarias é de obrigado cumprimento a tal hora: redes de sumidoiros pendentes de construír (como na Silva, Cances, Eirís, Castro de Elviña etc.) ou baixantes de pluviais aínda non canalizadas, que en máis dun barrio (Os Mallos, A Sagrada, Monte Alto etc.) seguen pendentes de se realizar. Deben ser executadas obrigatoriamente polo Goberno municipal saínte das eleccións. Igual que o mantemento das beirarrúas, calzadas e material urbano, que presentan un deterioro evidente en máis dunha zona da cidade: se non se amañan e se coidan as cousas, o seu progresivo deterioro pode chegar a ser irreversible, e logo o investimento nunha nova infraestrutura é maior. Coidarmos e repararmos a tempo aforra, podendo logo investirse ese aforro en novos equipamentos ou infraestruturas.

A limpeza non pode resumir en campañas publicitarias. Os nosos barrios deben estar limpos todo o ano, e non a través de actividades puntuais que se realizan unha vez ao ano. O aseo, a limpeza, o baldeo e varrido é un gasto necesario que procede facerse con frecuencia. Foron múltiples as denuncias recibidas a respecto da aparición de insectos e roedores, polo que a desratización e as actuacións preventivas contra a aparición de pragas deben ser contempladas na acción corrente. E a roza de xardíns, árbores e mantemento de espazos verdes debe ser continuado. O Goberno municipal debe fiscalizar que as empresas contratadas para estas tarefas cumpren o seu cometido e que están a garantir o persoal necesario para o facer, respectando escrupulosamente os dereitos fundamentais das traballadoras e traballadores.

Por outra banda, os nosos barrios presentan a vellez propia de cando foron construídos. Temos que formular, e con idea de futuro, non de mandato, graduar plans integrais de rehabilitación, a comezar polos barrios que presenten un deterioro máis notorio. Monte Alto, A Agra do Orzán, Os Mallos, Os Castros, A Falperra, A Pescaría etc, teñen zonas que debemos rehabilitar e recuperar. E debemos buscar os apoios necesarios desde outras administracións para



estabelecermos as partidas necesarias para actuacións en zonas ARI (Áreas de Rehabilitación Integral) e zonas ARD (Áreas Residenciais Degradadas). Acreditamos na recuperación do espazo urbano como proxecto de futuro para A Coruña.

Doutra banda, segundo os datos oficiais do Censo de Poboación e Vivenda de 2011, que se actualizarán a mediados deste mandato que entra, no 2021, A Coruña ten case 20.000 vivendas baleiras. Por contra, son moitos os colectivos e entidades que constatan o aumento progresivo dos prezos de alugueiro. Este aumento, inalcanzábel para moitas persoas, está a provocar que exista un bloqueo do mercado, expulsando dos barrios moitas persoas. Tamén as novas normas en canto aos requisitos de acceso ao mercado do alugueiro están empeorando a situación. No programa xeral xa formulamos unha serie de medidas: a necesidade de crear un “Banco de Vivendas”, que a Empresa Municipal de Vivenda, Servizos e Actividades (EMVSA) sexa tal, e exerza como unha empresa pública que promociione, con todas as limitacións legais e económicas que ten, o seu papel dinamizador no mercado da vivenda, ou a creación dunha oficina urbanística de conciliación que asemade tamén asuma competencias en materia de negociación con propietarios para que estes poñan a disposición vivendas onde o Concello sexa intermediario necesario.

Ao mesmo tempo, sumado a degradación que máis arriba comentabamos, e xunto coa crise económica de que aínda non temos saído, a situación de exclusión que viven moitas familias, a necesidade de atopar vías económicas alternativas e a propia falta de plans de actuacións concretos desde os servizos sociais e desde o lecer, observamos un repunte na venda de drogas, cun aparente aumento da inseguridade cidadá en moitas das nosas prazas e rúas. Para o BNG, a sanción non é unha solución, nin debe selo. Depende da colaboración entre administracións, servizos sanitarios, entidades sociais e corpos de seguridade garantirmos plans alternativos que redundaren en mellorar a situación vital das persoas, que ofrezan alternativas ao consumo, tráfico e venda polo miúdo de substancias drogodependentes, e, por tanto, que garantamos espazos sociais máis seguros e abertos á veciñanza.

Unha cidade modelo tamén se constrúe desde o valor do propio. Por iso, recuperaremos a microtoponimia dos nosos lugares, recuperaremos os nomes



tradicionais onde hoxe existen urbanizacións e rúas, rescataremos a súa historia e o por que se chamaban como se chamaban.

Sabemos que as actuacións que propoñemos a continuación non son todas as necesarias que, por cada barrio, se poderían facer. Só as que entendemos prioritarias arestora. E tamén somos conscientes de que moitas das actuacións non son abarcábeis nun só mandato, pois son precisos varios para poder acometelas. Unha cidade modelo está constantemente avanzando, evolucionando, adaptándose... Mais todas as propostas que aquí formulamos foron contrastadas con axentes sociais e veciñais, en reunións colectivas e individuais, percorrendo a cidade e visitando (e vivindo) todos e cada un dos barrios. Son as propostas de persoas que queren transformar A Coruña nesa cidade modelo do século XXI.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

#ConIdeasClaras
#UnCambioEnSerio



Actuacións que propoñemos para **Monte Alto, As Atochas, Durmideiras, As Lagoas** e a **Torre de Hércules**.

- Rehabilitar o mercado de Monte Alto e de Durmideiras. Neste último caso, solucionar a situación de precariedade das actuais praceiras e praceiros.
- Iniciar o proceso de negociación coa Administración do Estado para a recuperación do Cuartel de Atocha polo Concello da Coruña.
- Solicitud do Edificio do Cárcere como Ben de Interese Cultural. Recuperación do edificio para usos públicos e instalación nas súas dependencias dun espazo da memoria e historia do penal e dos presos políticos alí encerrados durante a Ditadura franquista.
- Plan de rehabilitación integral para as zonas máis degradadas, en especial, rexeneración das Atochas, da rúa de San Xoán e demais rúas do centro do barrio.
- Elaborar e executar un Plan de mobilidade para o conxunto do barrio, inserido dentro dun Plan de mobilidade para a cidade, e que contemple rúas semipeonís, rúas de especial prioridade para peóns e “zonas 30”. Este plano de mobilidade atendería, entre outras cuestións, ás seguintes:
 - Ao estudo dos pasos a peóns, e onde for preciso colocación de lombos para a seguridade das e dos peóns.
 - Redistribución e nova dotación de zonas de carga e descarga que garantan a non ocupación de pasos de peóns ou beirarrúas.
 - Colocación e reparación de sinalizacións horizontais e verticais e colocación de espellos en cruzamentos cegos nas rúas interiores do barrio.
 - Formular, mediante un estudo e avaliación integral, unha solución definitiva á situación das vías do tranvía dadas as situacións de perigo que de continuo suceden: ou aproveitar o resto da infraestrutura que aínda hoxe segue existindo co obxecto de recuperar un chamado propiamente servizo de transporte público



ou retirar de xeito definitivo estas vías e o resto da catenaria.

- Construción ou habilitación de áreas de aparcamento. Neste sentido, xulgamos necesario aproveitar infraestruturas existentes, como as cocheiras de tranvías ao carón do IES Ánxel Casal. Estudarase, asemade, a posibilidade de construír aparcamentos en altura promovendo mudar, se for necesario, as normativas existentes. Así mesmo, declarar a contorna da Torre de Hércules zona de especial prohibición de estacionamento.
- Eliminar o vertedoiro dos soares anexos aos campos deportivos da Torre, arredor dos antigos "Talleres Sete" e dos terreos da Agra de Santo Amaro. Rematar cos almacéns de ferralla con verteduras de todo tipo, refugallos ilegais, galpóns convertidos en espazos cheos de entullos e en condicións pouco salubres, vexetación e fincas sen limpar e sen roza de toda esta contorna.
- Programar a limpeza e adecentamento da Agra de Santo Amaro así coma o tramo comprendido entre a baixada a Durmideiras e o Club do Mar e o resto de parques e espazos públicos de Durmideiras, no marco dun plan de rexeneración de espazos públicos: plantación de árbores e acondicionamento para un mellor aproveitamento na zona da pista de patinaxe, ampliación da zona de xogos infantís da antiga depuradora e da praza do Galatea, delimitación da zona do estanque para evitar caídas, depuración e limpeza que evite que o mesmo día volva a estar sucio etc.
- Realización dunha programación anual das intervencións en rúas e beirarrúas en función da súa urxencia.
- Estender a instalación dunha iluminación eficiente e sustentábel en todo o tecido urbano do barrio, para o que se porá unha especial atención a aquelas zonas habituais de paso con iluminación deficiente ou escasa, como no cruce superior do Campo Volante.
- Reforma e ampliación das escolas infantís municipais do barrio.
- Incremento dos parques infantís para nenas e nenos.
- Instar á reparación da pista polideportiva de San Xosé.



- Construción dunha rotonda na confluencia da rúa de Zalaeta coa rúa Curros Enríquez, fronte ao CEIP Zalaeta.
- Ampliación da rotonda dos Salesianos na zona do monumento a San Juan Bosco e ampliación do carril de baixada da rúa do Hospital na confluencia coa dita rotonda co obxecto de facer o paso de vehículos máis seguro.
- Ampliación do Centro Cívico Municipal de Monte Alto, instalando unha cuarta planta, e mellora dos servizos e horarios, con peche ás 22 horas, instalación dun rexistro auxiliar do Concello e posta a disposición das súas instalacións aos movementos sociais do barrio que o soliciten.
- Promover a entrada pública aos xardíns de Capitanía.
- Mellora de todos os parques e xardíns da zona, colocando máis mobiliario urbano (bancos, papeleiras, fontes etc), zonas de xogos infantís que teñan cubertas para mitigar as condicións climatolóxicas adversas.
- Mellorar a sinalética do barrio, de xeito especial, o que ten a ver co Conxunto Escultórico da Península da Torre, o monumento ás vítimas do franquismo, e establecer unha sinalización da microtoponimia no barrio.
- Abrir as zonas deportivas do Instituto de Durmideiras para uso xeral da veciñanza.
- Habilitar un espazo para o lecer e punto de encontro das persoas maiores nun lateral do mercado de Durmideiras.
- Mellorar ou recolocar o Campo de Chave da Torre e fomentar este deporte tradicional entre a xente do barrio.

Actuacións que propoñemos para a **Cidade Vella**

- Rehabilitación integral da Cidade Alta e das vivendas estudando a posibilidade de establecer un Consorcio coa participación de distintas administracións e entidades. A peonalización realizada no mandato 2015-



2019 debe ser acompañada dun plan de rexeneración urbana respectando a súa singularidade e poñendo en valor os espazos significados. Neste sentido, habilitaranse liñas municipais de axuda para adaptar e rehabilitar vivendas. Asemade, enténdense como actuacións máis urxentes as seguintes:

- Rehabilitar a rúa Cordelaría, rúa das Donas (Damas) e a rúa do Rosario.
 - Soterramento de cableado aéreo.
 - Elaboración dun Plano específico contra a exclusión social con especial atención á dotación de recursos, medios e profesionais, e centrado na atención á situación precaria na que se atopa, sobre todo, moita xente maior da Cidade Vella
 - Habilidade dunha liña de axuda, dada a singularidade urbanística, para a construción de ascensores para facilitar a accesibilidade.
- Elaboración dun plano específico de apoio ao pequeno e mediano comercio da Cidade Vella.
 - Elaboración dun censo de locais pechados, ou en estado de abandono, e creación, en colaboración con propietarios e entidades asociativas, dun banco con bolsa de alugueiro para a súa reutilización dentro do plano específico de apoio.
 - Completar a rehabilitación do Centro Cívico e posta en servizo do conxunto do edificio.
 - Implementación dun sistema moderno e actualizado para o control da mobilidade, zonas de aparcadoiros para residentes, comerciantes e non residentes, acceso aos garaxes particulares, acceso de transportes de mercadorías e circulación xeral de vehículos dentro da Cidade Vella.
 - Rehabilitación dos xardíns de San Carlos e da Praza de Azcárraga
 - Integración da Cidade Vella nos itinerarios turísticos, con sinalética unificada, modificación do horario de museos, apertura de igrexas, etc.
 - Pintado dun paso de cebra na entrada do Hospital Abente e Lago.



Actuacións para A **Pescaría** e o **Ensanche**

- Plan integral de rehabilitación para o conxunto da rúa Santo André e as rúas transversais.
- Estudo da implantación da “Zona 30” en toda a rúa Santo André e estudo da semipeatonalización de varios tramos.
- Reforzo dotacional e de actividades do Centro Cívico do Círculo de Artesáns.
- Elaboración dun programa específico para rehabilitar e potenciar as casas modernistas, adoptando todas as medidas necesarias que incidan na responsabilidade social da propiedade.
- Modernización, reparación e dotación de novo mobiliario urbano das prazas da zona, nomeadamente habilitando espazos e parques infantís para as crianzas (praza de Galiza, praza de Vigo, praza de Pontevedra etc.).
- Potenciar o conxunto do centro urbano como reclamo turístico, con actuacións específicas no que se recollan roteiros urbanos de interese urbanístico, histórico e cultural, e elaborando visitas guiadas para coñecer as casas modernistas ou sitios de especial significado (ruta Picasso, zona escolar Eusebio da Guarda, mercado da praza de Lugo etc., como exemplos).
- Melloras específicas da Rosaleda e reparación dos elementos monumentais e escultóricos nos xardíns de Méndez Núñez.

Actuacións que propoñemos para **Riazor, praza de Portugal** e contorna

- Dotar ao barrio dun Centro Cívico. Estudárase a posibilidade de aproveitar as instalacións hoxe en día existentes debaixo do Playa Club, ou considerando outras alternativas para a realización das actividades propias destes centros, como os espazos desocupados da Casa da Auga.



- Mellora integral da praza do Mestre Mateo.
- Revisión de todas as beirarrúas adaptándoas ás normativas de accesibilidade, nomeadamente no relativo a bordos en cruzamentos e alcorques de árbores.

Actuacións que propoñemos para a **Cidade Xardín**

- Repavimentación de calzadas e beirarrúas no conxunto da Cidade Xardín.
- Eliminación de todo o cableado e postes eléctricos que aínda permanecen en varias rúas.
- Implementación dun plano de reordenación do tráfico nas horas puntas de entrada e saída das aulas.
- Urbanización da contorna da igrexa de San Francisco entre o Paseo das Pontes e a propia Cidade Xardín.

Actuacións que propoñemos para **Santa Margarida e o Paseo das Pontes**

- Compromiso inequívoco na eliminación do viaduto da avenida de Fisterra coa rolda de Nelle.
- Dotar ao centro cívico veciñal da infraestrutura necesaria para garantir o normal desenvolvemento das súas actividades.
- Dinamización do parque con actividades sociais e físico-deportivas. Colocación de elementos biosaudábeis e máis parques infantís.
- Aproveitamento dos espazos, tanto do anfiteatro de Santa Margarida como dos propios do Paseo das Pontes, como foros onde desenvolver actividades culturais ao aire libre.



- Recuperar os espazos naturais do Parque de Santa Margarida reintroducindo especies de aves no pombal e creando un calendario durante o curso escolar actividades medioambientais en colaboración con colexios e escolas infantís.

Actuacións que propoñemos para **Labañou** e **Cidade Escolar**.

- Dotar de medios persoais e económicos aos Servizos Sociais do barrio:
 - Dotar do persoal traballador social necesario para a detección, proposta de actuación e seguimento das necesidades das persoas con menos recursos ou en risco de exclusión do barrio.
 - Habilitar os recursos necesarios para a coordinación entre o persoal de Servizos sociais, o Centro de Saúde do barrio, o comedor social Padre Rubinos situado na Fundación Amancio Ortega e, incluso, coas farmacias do barrio.
 - Dispor de protocolos de actuación, de coñecemento público e xeral, co obxecto de ser de fácil accesibilidade e poder ser recorridos de xeito áxil.
 - Habilitar os medios materiais e de infraestrutura para afrontar as distintas problemáticas que conducen á exclusión, facendo seguimento personalizados.
- Reforma das pistas deportivas situadas nas vivendas do Carme.
- Reforma do pavillón deportivo de Cocheiras.
- Mellora e ampliación das pistas de xogos infantís do barrio.
- Amaño da rede de canalizacións de augas fecais dos edificios de titularidade pública, nomeadamente naquelas baixantes do grupo de vivendas do Carme.
- Habilitación de zonas de carga e descarga para o reparto de mercadorías para o pequeno comercio do barrio.



- Estudar a posibilidade de habilitar un aparcamento público municipal, ou aparcamento disuasorio na contorna do barrio, para dar servizo á alta demanda de aparcamento provocada polos distintos centros educativos que están situados en Labañou.

Actuacións que propoñemos para **Os Rosais**

- Consensuar coas entidades veciñas e a veciñanza en xeral a posibilidade de construír unha pérgola na praza elíptica, co menor impacto urbanístico posíbel, mesmo coa posibilidade de adoptar un mecanismo retráctil, para poder ser empregados os espazos da praza tanto en época de choiva coma de sol.
- Revisión completa dos elementos de calmado de mobilidade, sempre con preferencia inequívoca para as e os peóns, introducindo elementos disuasorios en seguridade viaria: colocación de lombos, colocación de medianas e elementos viarios verticais etc.
- Ampliar a distancia das marquesiñas das paradas dos buses cos pasos de ceбра co obxecto de aumentar a seguridade viaria e evitar, no máximo das posibilidades, o risco de alcance ou de atropelos.
- Inverter o sentido de circulación na rúa Simón Bolívar para facilitar o acceso aos garaxes.
- Estudo de espazos na contorna do barrio para habilitar un aparcamento disuasorio.
- Completado do asfaltado e reasfaltado de rúas.
- Chegar aos acordos necesarios cos propietarios do Camiño do Cura para urbanizar, de acordo á propia contorna e respectando a súa configuración propia. En todo caso, estudaríase a posibilidade de facer unha permuta ou expropiar para proceder ao seu adecentado.



- Diversificar a oferta do Centro Cívico, sobre todo no relativo a actividades para a mocidade.
- Dotar de locais ás entidades veciñais e sociais do barrio.
- Mellora do pavimento da praza Elíptica.
- Cubrir o parque infantil situado na praza Elíptica e renovación dos xogos deste parque.
- Recolocación e ampliación dos parques con dotacións biosaudábeis.
- Iniciar os trámites para realizar o estudo de detalle para habilitar un viario desde a rotonda da parte final da Terceira Rolda (VG-14), artellando unha vía de acceso perimetral ao barrio.

Actuacións que propoñemos para **San Pedro de Visma**

- Finalización da canalización das redes de sumidoiros e recollida de augas pluviais no conxunto de zonas urbanas e rurais da zona.
- Remate das zonas urbanizadas coa construción de beirarrúas e dotación do mobiliario urbano correspondente.
- Acondicionamento de todos os camiños e pasos nas zonas intermedias de San Pedro de Visma e colocación de puntos de luz.
- Construción dunha rotonda no cruce de rúa San Pedro de Visma coa baixada do parque de Bens coas mesmas características que a de Catro Ventos.
- Recuperación, apoio, valorización e uso do patrimonio cultural, material e inmaterial do lugar, así como da microtoponimia da contorna, incluído o parque de Bens. Colocación de sinalética de madeira nos diversos lugares e fincas e potenciación do coñecemento tradicional dos nomes da zona.
- Recuperación e valorización de todas as fontes e mananciais da contorna.



Actuacións que propoñemos para A Agra do Orzán

- Designar unha nova dirección para o Centro Ágora e reforzar o seu rexistro.
- Programa de rehabilitación de vivendas e plan de intervención para a eliminación do feísmo do barrio
- Elaboración dun plan de humanización integral para o barrio. Deste xeito, establecerase un plan de conversión e humanización de espazos mediante a plantación de árbores, como por exemplo, converter a mediana con bolardos da rúa Gregorio Fernández en mediana verde.
- Elaborar un plan de mobilidade específico para o barrio. Estudarse a posibilidade de establecer “zona 30” ao conxunto das rúas entre a rolda de Outeiro, a avenida do Peruleiro, a rolda de Nelle e a avenida de Fisterra.
- Construción ou habilitación de áreas de aparcamento na contorna do barrio. Neste sentido, e aproveitando infraestruturas existentes, negociaríase co centro comercial situado na esquina da rúa da Agra do Orzán e a rolda de Outeiro, para dotar ao barrio dese equipamento. Tamén formulamos reformar o aparcamento provisional construído enfronte ao Ágora e establecer un aparcadoiro disuasorio entre a glorieta do Pavo Real e o barrio dos Mariñeiros. Estudaranse, asemade, a posibilidade da construción de aparcamentos en altura promovendo mudar, se for necesario, as normativas existentes.
- Negociar coa administración do Estado para acometer, con carácter de urxencia, o proxecto do parque da Agra. A este respecto, devolver ao barrio o Muíño do Camiño de Agramela (rehabilitado) e o Monumento aos Liberais, buscando unha localización neses espazos.
- Plano de actuación en infraestruturas viarias, nomeadamente con renovación de rúas, pavimentos e ampliación ou reforma de beirarrúas na rúa Pascual



Veiga, rolda de Outeiro, rúa Belavista, rúa Corcubión (entre a rúa Agramela e a rúa Fuente Álamo), a avda. das Conchiñas (no tramo entre a rúa Meira e a rúa A Laracha, na marxe esquerda dirección á pza. do Comercio), rúa da Agra do Orzán até a rúa Entrepensas, a rúa Manuel Deschamps, rúa Almirante Mourelle, rúa Julia Minguillón, rúa Andrés Gaos (no tramo non peonil), rúa San Leopoldo, rúa Vila de Cee, rúa Ramón M^a Aller. (Petición do 2018), rúa José Baldomir ou rúa Canceliña.

- Negociación coa Xunta de Galiza para recuperar o edificio do Sergas da rúa Gregorio Fernández para dotar ao barrio de novos servizos públicos, en colaboración co tecido asociativo.
- Actuación integral na praza das Conchiñas, nomeadamente nos espazos do parque infantil e contorna, garantindo a seguridade. Estudar a posibilidade de instalar unha cuberta para o resguardo da veciñanza. Instalación de aseos públicos na praza.
- Estudo para a construción dun Centro de Día no barrio. Estabeleceranse as negociacións oportunas coa Xunta de Galiza para esta actuación poida ser financiada a través dos orzamentos xerais da Xunta.

Actuacións que propoñemos para O Ventorrillo

- Consolidación, regularización e pintado completo do aparcamento da parte posterior do Ágora
- Construción de beirarrúas en todas aquelas rúas que aínda carezan delas, nomeadamente na rúa Alcalde Jaime Hervada e perpendiculares á rúa Alcalde Salorio Suárez
- Realización das xestións oportunas coa Xunta de Galiza e a Consellaría de educación para poder empregar os espazos do María Barbeito fóra das horas lectivas para actividades das entidades asociativas do barrio.
- Intervención e ampliación de todos os equipamentos deportivos do barrio.



- Integración do barrio na contorna da Agramela, Visma, Bens e O Portiño, creando un grande espazo de lecer e divulgación para o coñecemento do seu conxunto.
- Recuperación, e posta en valor, da Arqueta dos Frades próxima ao Ágora, e de toda a súa contorna.
- Mellora do espazo xunto ao depósito da auga e, de existir a posibilidade, realizar a xestión para abrir este espazo ao barrio derrubando o muro.
- Estudo, xunto coas entidades asociativas do barrio, para a cuberta das zonas de encontro veciñal, nomeadamente parques infantís, parques con aparellos biosaudábeis e parques e xardíns máis transitados.

Actuacións que propoñemos para **A Silva, Cances, A Moura e Penamoa**

- Amaño da rede de sumidoiros en todos estes espazos e construción de novas canalizacións para aqueles lugares onde hoxe aínda non existan.
- Amaño das infraestruturas, nomeadamente a estrada da Silva a Cances; da Silva a Abenela; de Cances á Fontenova; da Silva a Penamoa; de Cances a Penamoa; de Cances ás Reixas-A Moura; de Cances a Bens.
- Asfaltado no tramo entre Cances, Penamoa e San Pedro.
- Roza integral e recorrente de todos os espazos verdes. Naqueles espazos privados, instar as persoas propietarias ao mantemento e coidado dos espazos evitando invadir espazos públicos. De non realizar ese mantemento, aplicar rigorosamente as ordenanzas municipais ao respecto.
- Construción de beirarrúas naquelas rúas onde hoxe en día non existen.
- Construción dunha cuberta na entrada do Centro Cívico para o resguardo da veciñanza.
- Promover a construción dun espazo para colocar hortos urbanos.



- Eliminación de tapóns urbanísticos que impidan acceder ambulancias ou outros vehículos de servizo público. Estabelecer en todos estes núcleos “zona 30” de especial protección ás e aos peóns.
- Habilidade dun grande parque público co amaño do monte de Penamoa, con renovación da herba, árbores, camiños de terra etc., parque con xogos para crianzas e maiores e que estea ben comunicado co resto do barrio, co Ventorrillo e con San Pedro.
- Recollida diaria do lixo. Colocación de máis contedores, tanto para o lixo de orgánicos como inorgánicos e específicos: papel, vidro, pilas etc.
- Recuperación do río de Cances e do lavadoiro. Rehabilitación e significación deste e da súa contorna, coa colocación de infraestrutura urbana: bancos, xogos para nenos, elementos de ximnasia biosaudábel etc.

Actuacións que propoñemos para **Bens**

- Completar toda a infraestrutura de recollida de augas pluviais.
- Plan de urbanización completo para o núcleo de Bens, en que se respectará o conxunto histórico, e finalizarase e pavimentaranse os trazados de rúas e beirarrúas, melloraranse os accesos para os vehículos de emerxencia, modernizaranse, cando non instalando, mobiliario urbano (bancos, farois de iluminación para peóns, papeleiras etc), a mellora da pista deportiva e arranxo dos camiños periféricos.
- Recuperación, apoio, valorización e uso do patrimonio cultural, material e inmaterial do lugar, nomeadamente o arranxo da fonte de Comeanda, e recuperación dos microtopónimos de toda a zona.



Actuacións que propoñemos para A Agrela

- Estudo da viabilidade da reforma do Plan xeral e axilización da tramitación administrativa para poder realizar as actuacións urbanísticas requiridas para a nova realidade económico-financeira do polígono, tendo en conta ás novas empresas e aos servizos que prestan. Neste sentido, A Agrela constitúese na actualidade nun barrio máis da cidade coas necesidades de servizos que isto implica.
- Conexión con todos os barrios da cidade a través do transporte urbano colectivo.
- Facer un estudo completo da zona e da contorna para a busca e construción de aparcamentos disuasorios.
- Plano de reforma integral de beirarrúas e pavimentos.
- Acometer a conexión do polígono da Agrela co polígono de Pocomaco e Vío.
- Ampliación do punto limpo.

Actuacións que propoñemos para Os Mallos, Vioño e Sagrada Familia

- Obra de urbanización e accesibilidade nos accesos e na contorna do Centro Cívico dos Mallos.
- Dotación de máis persoal e de máis actividades aos centros cívicos dos Mallos e da Sagrada Familia.
- Rehabilitación integral do núcleo central do barrio dos Mallos co obxecto de modernizar todos eses espazos, dotar de espazos diáfanos e abertos, con melloras de axardinamentos, zonas verdes, espazos de lecer, zonas de xogos infantís e zonas para colocación de elementos de ximnasia biosaudábel.



- Aprobación dun plan de apoio e promoción do comercio e da hostalaría do barrio con actuacións específicas.
- Acondicionamento da Agra dos Mallos.
- Habilitación dalgún espazo en desuso para acoller un centro cívico e da terceira idade que cubra a parte baixa do barrio dos Mallos.

Actuacións que propoñemos para **A Falperra**

- Reconstrución e rehabilitación das instalacións do mercado Inés de Castro e instalación, sen mais demora, do centro de Saúde.
- Elaboración dun censo de locais e pisos en desuso de toda a zona para incluílos, en negociación coas persoas propietarias, no banco de locais e bancos de pisos co obxecto de reactivar social e economicamente o barrio.
- Habilitación, urbanización e provisión de usos aos solares de titularidade municipal hoxe en día abandonados.
- Modernización da pista deportiva da rúa Sinforiano López.

Actuacións que propoñemos para **Catro Camiños e A Palloza**

- Apertura do Centro Cívico de Santa Lucía e mellora de equipamentos, persoal e actividades.
- Rexeneración da praza de Catro Camiños e estudo pormenorizado para darlle unha solución definitiva ás instalacións da antiga cafetería “El Remanso”.
- Dotación e posta en funcionamento das instalacións municipais da Fábrica



de Tabacos.

- Reasfaltado da contorna de Castiñeiras.
- Recuperación da “memoria da cidade” da contorna e sinalización da antiga situación do rego dos Xudeus, dos antigos peiraos da baixura e do significado histórico da Fabrica de Tabacos.

Actuacións que propoñemos para Os Castros

- Elaboración dun plan integral de rehabilitación.
- Adaptar o barrio ás distintas normativas de accesibilidade, estudando particularmente en cada caso a aplicación de distintas solucións segundo a propia configuración das rúas e prazas: escaleiras mecánicas, ramplas, ascensores, ampliación de beirarrúas etc.
- Plano de calmado, e mesmo restrición de tráfico, co estudo de establecer “Zona 30” e rúas de preferencia para peóns a distintas vías interiores.
- Oposición frontal á instalación da planta de tratamentos de residuos oleosos de que a Xunta de Galiza iniciou o seu estudo de impacto medioambiental para o peirao de Oza.
- Recuperación das galerías da rúa Mercé.
- Aumento dos servizos sociais, especialmente dirixido a atender á veciñanza de maior idade. Neste sentido, promoverase a negociación coa Xunta de Galiza para a construción de canto menos un centro de día e un centro residencial para persoas maiores de titularidade pública.
- Rehabilitación da antiga Casa do Concello de Oza.
- Derrubado da estrutura inacabada fronte ao Centro Santiago Apóstolo
- Arranxo dos lenzos de muralla de Oza.
- Dotar ao Faro e á capela de Oza de usos permanentes, completando a



restauración das súas instalacións. No caso da capela, estudar a posibilidade de crear un auditorio para concertos e actuacións musicais.

- Iniciar as correspondentes xestións coa Xunta de Galiza para a construción dunha Escola Infantil.
- Ampliación do parque de elementos biosaúdabeis de Oza.
- Recuperación das instalacións municipais das Xubias para as aproveitárenas entidades asociativas da zona. Fiscalización inequívoca das descargas de carbón, incrementando a vixilancia medioambiental e asegurando que a Autoridade Portuaria cumpre os protocolos.
- Estudar a posibilidade de establecer unha Escola de Deportes Náuticos nos terreos dos antigos estaleiros Valiña.
- Establecer as negociacións oportunas coa ADIF para a habilitación dos terreos descampados da contorna de Casabranca co obxecto de poder establecer, entre outras actuacións, hortas urbanas, sendeiros, espazos de lecer etc.
- Negociar co Xunta de Galiza a posibilidade de establecer equipamentos sociais no Polígono Fariña Ferreño (terreos anexos ao Centro de Saúde).

Actuacións que propoñemos para **O Castrillón**

- Acometer definitivamente, cun proxecto a canto menos de dous mandatos, os problemas de desenvolvemento urbanístico que aínda hoxe existen no barrio, nomeadamente no referido ao PERI do Monte das Moas 2, PERI Santa María de Oza 2, API Santa María de Oza 2, e concluír a avenida da Concordia, avenida Casanova de Eirís, e rúa Antonio Ríos, e a apertura de rúas.
- Urbanización da rúa Fariña Ferreño, aínda pendente de execución.
- Estudo pormenorizado das prazas interiores do barrio, realizando un



inventario daquelas máis degradadas ou con risco de afectacións aos edificios da súa contorna, para:

- Cumprir o mantemento destes espazos, para evitar o seu deterioro definitivo.
 - Facer cumprimento aos titulares de rozas de vexetación periódicas para evitar a aparición de pragas.
 - A depender do seu tamaño, chegar a acordos coas xuntas de propietarios para a súa cesión, mantendo a titularidade privada, co obxecto de habilitar espazos de uso público, estudándose a posibilidade de parques para crianzas ou aparcamentos en superficie.
- Completar definitivamente a habilitación do Complexo Deportivo e dotalo das actividades propias desta dotación.
 - Ampliar ao barrio a regulación establecida no centro da Coruña a respecto da colocación das terrazas.

Actuacións que propoñemos para **Eirís, Pedralonga e Monte Mero**

- Elaboración dun Plano Integral de Humanización Urbanística de Eirís cos seguintes obxectos:
 - Eliminar os tapóns urbanísticos aínda existentes.
 - Integrar os núcleos rurais no conxunto do barrio, preservando as súas características. Neste sentido, alí onde siga sen chegar as redes de canalizacións e as redes de sumidoiros, licitaremos as obras necesarias para realizalas.
 - Desenvolver un Plan de trazado urbano continuado para unha transición normalizada entre o barrio de Xuxán (Ofimático) e Matrogrande.
 - Recuperación e potenciación do trazado do Camiño Inglés no seu



paso polo barrio e recuperación e rehabilitación dos elementos tradicionais que o conformaban.

- Axilizar, xunto coa Xunta de Galiza e Patrimonio, e a propia empresa, os trámites conducentes á construción da dotación deportiva froito do convenio con Estrella Galicia.
- Aplicación das normativas de accesibilidade, nomeadamente para salvar o paso entre Eirís de Arriba e Eirís de Abaixo.
- Habilitación dun espazo para un parque infantil e para reunións e ocio dos maiores da zona en Pedralonga.
- Revisión e ampliación da iluminación e a pavimentación de rúas e o acondicionamento de camiños de toda a zona, especialmente nas contornas das áreas sanitarias e dotacionais.
- Mellora da sinalética de rúas e lugares e recuperación da microtoponimia do conxunto das zonas.
- Estudar a posibilidade de mudar ou realizar as correccións correspondentes no Plan xeral, para evitar a especulación urbanística no Monte Mero (entre os Maristas, a Residencia de anciáns e Pedralonga), aínda pendente de ordenación, para garantir os dereitos das persoas propietarias hoxe en día, no caso da conformación final dunha Xunta de Compensación.

Actuacións que propoñemos para **Matogrande-Xuxán (Ofimático)**.

- Licitación dos estudos correspondentes para construír unha Escola Infantil en Xuxán (Parque Ofimático) e un Centro Cívico.
- Reformulación do modelo urbanístico entre Matogrande e Xuxán (Parque Ofimático) co obxecto de constituír unha realidade urbana conxunta, que permita unha comunicación, mobilidade e accesibilidade fluída entre os dous espazos.



- Reforma da rotonda central de Matogrande para facilitar a circulación de autobuses e impedir dobres filas.
- Estudar a posibilidade de habilitar máis áreas de carga e descarga para evitar colapsos e como solución aos problemas de tráfico e aparcamento no barrio.
- Estudo da posibilidade de habilitar aparcamentos disuasorios na contorna de ambos barrios
- Asfaltado e pavimentación completa da rúa Enrique Mariñas.
- Instalación de mobiliario urbano, como por exemplo bancos e papeleiras nas zonas verdes ao carón da Avenida da Vedra e na área verde situada fronte ao “Comarea”, así como a colocación, nesta zona, de bancos e columpios coa posibilidade de habilitar unha cuberta para a protección da veciñanza. Do mesmo xeito, instalaranse máis contedores de lixo, nomeadamente na zona hostaleira.
- Iniciar as negociacións correspondentes coas compañías eléctricas para soterrar os transformadores eléctricos.
- Roza e mantemento continuado das especies arbóreas próximas a vivendas e edificios.

Actuacións que propoñemos para o **Barrio da Flores**

- Elaboración dun Plan integral urbano para o barrio ou, en todo caso, posta en marcha da licitación do Plan director anunciado ao longo deste mandato que non se chegou a executar
- Mellora global da accesibilidade en todo o barrio, nomeadamente nos pasos con internos con escaleiras e nos edificios situados na rúa Margaridas e na rúa Orquídeas.
- Mellorar o pavimento levantado ou moi irregular e deteriorado en moitas zonas do barrio, en particular na praza do Freixo, rúa das Orquídeas, na



praza dos Castiñeiros. Particularmente nesta última praza, realizaremos obras de acometida e recollida de augas pluviais.

- Resolver distintas problemáticas detectadas en varios puntos do barrio a respecto do saneamento e recollida de augas fecais (cheiros, baixos asolagados e edificios con humidades por mananciais non canalizados etc.).
- Ampliación da dotación dos parques infantís.
- Actuación regular e sistemática contra as pragas, nomeadamente:
 - as que afectan ao arborado tipo procesionaria
 - colonias felinas e superpoboación de gatos.
- Limpeza da zona acoutada para cans.
- Mellora na regulación semafórica na avenida Salvador de Madariaga.

Actuacións que propoñemos para **Elviña, Monelos e Fonte das Paxariñas**

- Habilitación definitiva dos espazos do Centro Municipal Asociativo Domingo García Sabell.
- Habilitar unha accesibilidade universal en todos os pasos interiores entre a avenida de Camilo José Cela e a avenida Salvador de Madariaga, en concreto, a toda a contorna educativa.
- Negociación coa Xunta de Galiza para dotar de máis medios materiais e persoais á Biblioteca Pública Miguel González Garcés.
- Remate do amaño das prazas interiores da contorna da avenida Pablo Picasso.
- Plantar arborado en todo o percorrido da avenida Salgado Torres no enlace coa autovía AC14 co obxecto de conformar unha barreira acústica natural que amorteza o ruído producido polo tránsito de vehículos.



- Repavimentación da contorna da fonte das Paxariñas e rexeneración dos seus xardíns.
- Repintado da sinalización viaria vertical nas rúas interiores de todas estas zonas.
- Colocación de espazos para crianzas e de elementos biosaudábeis no parque de Elviña 2ª fase.

Actuacións que propoñemos para **O Birloque, Martinete e Someso**

- Negociación coa Deputación da Coruña para limitar a velocidade para vehículos na estrada DP0512 e constituír en todo o seu trazado desde a avenida de Glasgow até a rotonda de Pocomaco unha “Zona 30”. Do mesmo xeito, prohibirase o tráfico pesado e de vehículos longos en todo este tramo. Asemade, dotarase de elementos de seguridade viaria: lombos para pasos para peóns, sinalización vertical e horizontal etc.
- Tamén en negociación coa Deputación, completaranse as beirarrúas, nos dous tramos da estrada DP0512.
- Colocaranse puntos de luz nos tramos viarios de Someso e Martinete.
- Elaborar un Plan de integración social específico para a zona.
- Dotar ao movemento asociativo do barrio de locais para poder realizar as actividades propias.
- Manteranse, ou mesmo colocaranse onde non haxa, as marquesiñas das paradas de transporte público nos trazados das liñas do bus urbano que pasan por estes barrios.
- Eliminar os postes e cableados aéreos e chegarase a acordo coa rede eléctrica para soterralos.
- Facer seguimento dos solares abandonados destes barrios obrigando aos



seus propietarios ao mantemento, roza e desinfección, nomeadamente nas rúas Manuel Ferrol e Juan Darriba.

Actuacións que propoñemos para **Elviña, Castro de Elviña**

- Modificación do Plan parcial do Ofimático e do PXOM para a desafectación da veciñanza do Sector S-10 do Ofimático.
- Instalación de redes de sumidoiro e de pluviais naquelas zonas onde non existen hoxe en día.
- Realización dun plan de rehabilitación integral de Elviña.
- Realización dun plan de rehabilitación integral de Castro de Elviña.
- Recuperación de espazos públicos en Castro e en Elviña.
- Recuperación dos camiños históricos e públicos que foron cortados pola Terceira Rolda. Colaboración coas entidades veciñais da zona para establecer un mapa das rutas tradicionais e camiños de romeiros e recuperación da memoria histórica.
- Recuperación da microtoponimia e colocación de sinais identificadores dos núcleos e zonas.
- Reformulación dos proxectos de rehabilitación e protección do Castro para que os gastos revertan directamente na conservación do patrimonio e para lle dar uso aos terreos do redor, logo dunha investigación arqueolóxica, co fin de revitalizar o propio Castro.
- Habilitar desde a área de Rexeneración Urbana un plano específico de axudas en rehabilitación para o mantemento dos bens etnográficos (hórreos, lavadoiros, etc.) en mans de particulares, e rehabilitación de elementos etnográficos de propiedade municipal.



Actuacións que propoñemos para **Feáns**

- Mellora e ampliación de equipamentos, nomeadamente do Centro Cívico. A este respecto, estudarase a posibilidade de ceder os terreos na contorna do propio Centro Cívico para dotar de máis infraestruturas á contorna
- Reforma e rehabilitación do local veciñal ao carón da Casa das Palmeiras estudando a posibilidade de cesión por parte da comunidade de propietarios, por medio dunha subvención do Concello.
- Uso das instalacións do CEIP Manuel Murgía fóra do período ou do horario escolar. Neste sentido, instarase á Consellaría de Educación a construír unha cuberta no patio da escola para poder realizar actividades.
- Instar á Rede Eléctrica Española ao soterramento dos cables de alta tensión que transcorren por riba de Feáns desde Elviña.
- Necesidade de ampliar horario de campamento de verán para facilitar a conciliación familiar, cun horario semellante a “madrugadores”.
- Negociar coa Xunta de Galiza a recuperación e adaptación da senda peonil polo río.

Actuacións que propoñemos para **Novo Mesoiro**

- Construción dunha biblioteca municipal que dea servizo ao toda a contorna de Novo Mesoiro, Feáns, Mesoiro, Vío, Urbanización Breogán, avenida Obradoiro, Martinete, Castro de Elviña e demais zonas. Neste sentido consensuar coa veciñanza as dotacións necesarias para a parcela pública ao carón do polideportivo e pista da Fundación Johan Cruyff.
- Realización da obra da segunda fase do corredor entre as rúa Fragas do Eume e Ribeira Sacra, habilitando as partidas orzamentarias necesarias nos



orxamentos municipais.

- Completar a habilitación dos baixos municipais da Rúa Ribeira Sacra, concretamente o referido ao baixo núm. 17 e darlle contido ao “Espazo TEU”, adaptando eses espazos públicos para a veciñanza e as organizacións e asociacións que están constituídas hoxe no barrio co obxecto dar un servizo público. Neste sentido, propoñemos as seguintes dotacións para goce veciñal:
 - Aula de ordenadores e impresoras públicas para que nenos e nenas, en particular, e a veciñanza do barrio, en xeral, puidesen imprimir traballos, acceder a contidos a través da internet, realizar currículos etc.
 - Aula pública para charlas, reunións ou actos (reunión de comunidades de veciños, actos públicos de presentación de libros, charlas de colectivos, actos políticos etc.).
 - Aula onde trasladar actividades do Centro Cívico, co obxecto de desconxestionar o propio centro.
 - Punto de recollida e entrega de libros da Rede de Bibliotecas Municipais mentres non se constrúa unha Biblioteca no barrio.
- Ampliar o Centro Cívico, co obxectivo, entre outros, de poder ofrecer máis actividades e servizos. Apertura dun despacho de atención permanente de información para a xestión inmediata coa administración local (pagamento fraccionado do IBI, pagamento xenérico de impostos e multas, presentación de solicitudes etc.).
- Ampliación das prazas da Escola Infantil Municipal “A Caracola”. A construción modular deste edificio permite amplialo, polo que se poderían crear novas prazas para anos vindeiros.
- Construción de sendas medianas separadoras de calzada na rúa Illas Sisargas (primeiro tramo do acceso ao barrio até a primeira rotonda) e na avenida Novo Mesoiro (entre a segunda e terceira rotonda do polígono).
- Respecto ao Centro de Saúde de Novo Mesoiro, demandar diante do Sergas



a apertura de novo da cota de pediatría, demandar a dotación dunha praza máis para o persoal médico de familia, dunha praza máis para o servizo de enfermaría e dunha praza máis para o servizo administrativo, ademais de exixir a apertura de atención ao público do centro en horario de tardes.

- Demandar da Deputación a construción dos tramos que aínda están pendentes e, naquelas zonas onde permita o ancho da calzada, ampliar as beirarrúas na estrada CP0512, sobre todo nas contornas peonís do barrio, da rotonda de Pocomaco, estrada de Mesoiro e estrada de Feáns.
- Colocación dun panel informativo no pavillón deportivo coas quendas e horarios semanais co obxecto de facilitar o seu uso para a veciñanza do barrio e poder tramitar as solicitudes para o uso nos horarios libres ou sen asignar. Instalación dun ordenador con conexión a internet para o persoal traballador do centro para poder axilizar a posibilidade de solicitar o uso do pavillón desde o mesmo centro e facer as xestións derivadas das propias instalacións.

Actuacións que propoñemos para **As Rañas e Vío**

- Urbanización de todas as rúas, incluíndo o seu acondicionamento e asfaltado, e construción de beirarrúas.
- Mellora da iluminación pública nas dúas zonas.
- Recollida diaria do lixo.
- Estabelecemento dunha parada de bus urbano ao pé de Vío.
- Liña de axudas para o mantemento dos bens etnográficos (hórreos) en mans de particulares.



Actuacións que propoñemos para a **Urbanización Breogán**

- Análise e estudo dos problemas e das necesidades existentes na urbanización Breogán, coa finalidade de darlles solución de común acordo coa súa veciñanza, nomeadamente:
 - Creación de zonas comúns de lecer para persoas adultas e cativas.
 - Limitación da velocidade para vehículos coa creación de “Zona 30” en toda a urbanización.
 - Completar a sinalética do lugar.
 - Remate da infraestrutura viaria e peonil.
 - Mellora dos puntos de iluminación pública.

Actuacións que propoñemos para **A Zapateira e As Revoltas**

- Construción da rede de saneamento e implementación da rede de sumidoiros co conxunto da Zapateira. Neste sentido, promoverase a limpeza das fosas sépticas até na zona de Palavea e do Río de Quintás, eliminando os focos de augas fecais en superficie.
- Colocación beirarrúas onde for necesario.
- Implementación dun protocolo de mobilidade destinado a regular de xeito normalizado as horas punta nas zonas educacionais.
- Estudo para a dotación na zona dun espazo destinado a local de encontro social.



Actuacións que propoñemos para **Palavea** e **Santa Xema**

- Mellora das instalacións e de servizos do centro cívico. Aumento de prazas nas actividades que se ofertan co obxecto de cubrir o conxunto da veciñanza do barrio. Apertura dos usos das instalacións ao tecido asociativo do barrio e dotación dun rexistro municipal auxiliar.
- Fortalecer o servizo de asistencia social, reforzando ao persoal educador de rúa para traballar coa mocidade do barrio e artellamento dunha alternativa de lecer para esta, así como a habilitación dalgún espazo físico no propio centro cívico ou noutro lugar.
- Posta en marcha de programas de inserción e asesoramento laboral para a poboación de Palavea.
- Solución, durante este mandato, da situación de abandono do edificio ao carón do centro cívico.
- Estabelecemento de barreiras sonoras para mitigar a contaminación acústica provocada pola avenida da Vedra.
- Colocación de todo o cableado aínda sen colocar no barrio.
- Repavimentación e asfaltado naquelas zonas onde se precisa. Igualmente, amaño de beirarrúas.
- Configuración de Palavea e Santa Xema como “Zona 30”, de especial prioridade para as persoas
- Revitalización do mercado municipal do barrio de Palavea.
- Plan de actuación específica en Palavea Vella.
- Recuperación e mantemento do patrimonio material do lugar, nomeadamente a casa do Curro de Palavea aproveitándoa para usos veciñais, a fonte, o pombal e o lavadoiro, e os camiños tradicionais, e recuperación do patrimonio inmaterial, en concreto a súa microtoponimia e os nomes lugares tradicionais, colocando sinalética específica e explicativa (orixe dos nomes).
- Construción dunha pasarela para peóns entre Santa Xema e Palavea.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

#ConIdeasClaras
#UnCambioEnSerio



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

#ConIdeasClaras
#UnCambioEnSerio